


DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

I LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez

Sesión Plenaria n.º 58

Celebrada o venres, 16 de decembro de 1983

ORDE DO DÍA

Punto único:

Información da Xunta sobre a política xeral da Comunidade Autónoma, ó abeiro do artigo 144 do Regulamento.

SUMARIO

Abrese a Sesión ás once e dez minutos da mañá.

Antes de entrar na Orde do Día, o señor Secretario (Olives Quintás) dá lectura á Orde do Día así como ás excusas de inasistencia xustificada.

Entrase na Orde do Día.

Información da Xunta sobre a política xeral da Comunidade Autónoma ó abeiro do artigo 144 do Regulamento Páx. 3483

0 señor Presidente da Xunta (Fernández Albor) expon a información da Xunta. No turno de intervencións de Grupos Parlamentario fan uso da palabra os señores Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto) e Guerreiro Carreiras (Grupo Parlamentario Mixto), reparándose o tempo entre eles, Pardo Montero (Grupo Parlamentario Centristas-UCD); González Mariñas (Grupo Parlamentario Coalición Galega); Piñeiro Sánchez (Grupo Parlamentario Independente).

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

Continuando coas intervencións dos Grupos Parlamentarios fan uso da palabra os señores Díaz e Díaz (Grupo Parlamentario dos Socialistas) e Rajoy Brey (Grupo Parlamentario de Alianza Popular). Intervén o señor Presidente da Xunta (Fernández Albor), para respostar as intervencións dos Grupos Parlamentarios.

Para réplica fan uso da palabra os señores Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto); Guerreiro Carreiras (Grupo Parlamentario Mixto); González Mariñas (Grupo Parlamentario Coalición Galega); Piñeiro Sánchez (Grupo Parlamentario Independente) González Brey (Grupo Parlamentario de Alianza Popular). De novo, para respostar intervén o señor Presidente da Xunta (Fernández Albor).

0 señor Presidente, esgotada a Orde do Día, levanta a sesión, comunicando á Cámara que o próximo Pleno se celebrará o día 20.

Levántase a Sesión.

Eran as seis e cincuenta minutos da tarde.

Abrese a Sesión ás once e dez minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores Deputados: ábrese a Sesión.

¿O señor Secretario quere dar lectura á Orde do Día e comunicalas inasistencias xustificadas?

O señor SECRETARIO (Olives Quintás): A Orde do Día da Sesión é a seguinte:

Punto primeiro e único: Información da Xunta sobre a política xeral da Comunidade Autónoma ó abeiro do artigo 144 do Regulamento. (Pub. no B.O.P.G. nº 189, do 9/12/83).

Xustificaron a súa inasistencia os Deputados Ramón Lareo López, José González Dopeso e Fernando Martínez González.

-INFORMACION DA XUNTA SOBRE A POLITICA XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA O ABEIRO DO ARTIGO 144 DO REGULAMENTO.

O señor PRESIDENTE: Para facela correspondente información, pode facer uso da palabra o Excmo. Sr. Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fernández Albor): Señor Presidente, Señorías, comparezo hoxe ante o Parlamento por iniciativa e compromiso do propio Goberno que presido, cando proximamente se van cumprir dous anos do voto de investidura. Coincide esta comparecencia coa metade do mandato e coa circunstancia de que o Goberno, que acaba de ser obxecto dunha reestructuración, está apoiado pola maioría da Cámara.

A miña intervención prodúcese cando chego de Buenos Aires, cidade na que fun acollido como Presidente

da Xunta, nun acto de fonda significación democrática. Teño aínda nos meus ollos a imaxe da Galicia de alén--mar, que permanece en min, logo de compartir varios días, cos milleiros de galegos que viven alá o recoñecemento do noso progreso, a convicción que eles teñen de que estamos a afortalar sen demora a nosa identidade, algo que quizais aquí, con lexítima impaciencia, non recoñezamos de maneira tan explícita. As veces é preciso saír das nosas fronteiras para experimenta--lo traballo que realizamos no interior. Isto non é mérito voso nin meu, senón de tódolos galegos que teñen decidida vontade de reencontrarse na única Galicia que uns e outros sentimos solidaria e queremos forte.

Pretendo abrir un debate sobre unha etapa que deu os seus froitos, moitas veces por riba dos medios de que dispoñemos; e quero tamén abrir outra etapa que, por partir de fundamentos políticos e administrativos máis sólidos, permite desenvolver--lo Estatuto en toda a súa capacidade de autogoberno.

Estamos a punto de pechar unha etapa, e non quero que se acuse de optimista a valoración que dela faga, porque sei como ninguén as graves dificultades que encontramos neste percorrido. En ocasións, acúsasenos de falta de talante autonomista e de vontade de autogoberno, e noutras, quérese facer ver que o Goberno mantén unha estratexia de enfrontamentos co Goberno central. Para uns, somos pouco reivindicativos, e para outros, alentámo--la polémica permanente. Se as críticas que se nos fan son tan contradictorias, será que estamos camiñando no servizo de Galicia.

Cómpre dicir que na análise do noso labor e das nosas realizacións, non cabe aceptar un modelo convencional ó meu entender. O labor da Xunta de Galicia non pode ser contemplado como o labor dun Goberno que se fai cargo dun sistema institucional xa implantado. Polo contrario, nestes dous anos ti-

vemos que crea--los medios para gobernar, ó tempo que nos faciamos cargo das competencias transferidas, mantendo a prestación de servizos da Administración.

Esta era, en verdade, unha situación complexa. Recibiamos, aínda que recortados, uns servizos provinciais, e cumpría crea--lo núcleo director e coordinador que animase e dirixise a súa actividade, ó tempo de selecciona--lo persoal para facerse cargo deste labor directivo e organizador, e os efectivos auxiliares e de apoio que lle son imprescindibles. Repito que non era fácil este labor, porque non se pode conciliar coa debida precisión unha Administración que acaba de nacer e que crece lentamente coa realización das funcións de órganos xa instalados na experiencia.

Pero este artellamento, quero proclamalo firmemente, conseguiuase; e aquel difícil labor fíxose, e seguimos a facelo. Ningunha semellanza hai entre o día que pronunciei o Discurso de Investidura no Pazo de Xelmírez e hoxe. E que a Administración autonómica é unha realidade física. A Xunta é a representante e a defensora dos intereses de Galicia, e por riba de todo os galegos empezamos a ter conciencia clara de que o futuro depende de nós. Porque se alguén me preguntase cal é o profundo sentido da Autonomía, o principio sobre o que se asenta o programa de Goberno, eu diría, sen dúbida, que a Autonomía equivale a responsabilidade cidadá. Quere isto dicir que non erran os que coidan que os froitos da Autonomía teñen que agromar doadamente axiña. O que Galicia estreou, hai agora dous anos, foi un instrumento de transformación das súas estruturas económicas, sociais e culturais, que require traballar arreo moitos anos, con confianza en que o futuro é posible, e sen contraponer intereses particulares ou locais, que mermen os seus horizontes.

Nós tiñamos esa fe e ese convencemento, e con isto puxémonos á tarefa de inicia--la construción

da nosa Autonomía, de facernos cargo da responsabilidade de se--lo centro de decisión nos asuntos que o Estatuto puxo nas nosas mans. Sei que queda aínda moito camiño por andar, que aínda estamos reforzando os nosos cimentos, pero, entretres, as nosas realizacións son cada día un pouco máis seguras, son cada día máis decididas. E verdade tamén que as mesmas necesidades foron as que nos esixiron este esforzo, que non se pode ver como unha réplica obrigada polas circunstancias. Polo contrario, fomos nós moitas veces os que fomos á busca do desafío, os que fomos cara ós problemas, procurando o exercicio dunhas competencias que nos semellan imprescindibles para facer da Autonomía un proxecto político concreto e non unha inxeniosa viravolta semántica.

Este é, señores Deputados, o alcance da nosa andadura ó fronte do Goberno de Galicia. Estimo, polo tanto, que cómpre dar conta do labor da Xunta de Galicia, que constitúe o noso indiscutible haber no servizo do pobo galego. E isto esixe, tamén, a correspondente exposición dos problemas existentes. Coñecemos mellor ca ninguén as nosas deficiencias, e a primeira delas, a instalación física da nosa Administración, que a penas contaba con pouco máis de mil metros útiles espallados na cidade de Santiago e dous departamentos da Coruña. Hoxe, os servizos centrais das Consellerías dispoñen de máis de 13.000 metros, sen contar coas dependencias dos servizos periféricos neste punto.

Teño que dicir, ademais, que o Goberno ten programado instalarse no edificio de San Caetano, dunha extensión aproximada de 25.000 m² útiles, e do que está xa practicamente rematado o proxecto de adecuación. Cun sentido moderno e eficaz para iniciárense as obras en canto as prazas escolares sexan substituídas na mesma área da cidade. A este cambio na estrutura física correspóndelle outro esforzo paralelo para dota--los servizos

de persoal capacitado, que hoxe se aproxima xa ós 400 funcionarios procedentes, nunha parte importante, doutras administracións públicas, o que fai posible un futuro de racionalización de persoal que quizais ningunha Comunidade, coma nós, está en disposición de facer.

Naturalmente, non era soamente o marco físico o que había que organizar. Era preciso crea--lo marco xurídico para o funcionamento. Era preciso inicia--los estudos para abordar un programa lexislativo que desenvolvese o Estatuto, que adaptase algunhas partes do ordenamento xurídico á nosa realidade social. Era preciso trasladar ás páxinas do Diario Oficial de Galicia os nosos proxectos. E deste xeito, os 31 números publicados nos anos da Preautonomía pasaron a ser 35 no ano 82, e van 182 no ano que corre. Isto dá unha idea de que as Disposicións Xerais, os Concursos, nomeamentos de persoal, as resolucións de carácter particular e, mesmo, os anuncios, marchan ó compás dunha Administración que se expansiona ó amparo do noso recente sistema de autogoberno.

Neste marco non destaco a labours lexislativa desta Cámara porque non pretendo cansar ás Súas Señorías falando do que é ben patente. Outros eidos podémolos considerar asentados, e temos por diante o esperanzado horizonte da súa progresiva mellora.

Temos hoxe, baixo a nosa competencia, todo o ensino non universitario. Imos, pois, camiño do teito de autogoberno, que define o artigo 31 do Estatuto. Todos sabemos dos problemas que neste sector tiñamos, e non era o máis pequeno o da normalización da lingua, alonxada do mundo da cultura e da ciencia por séculos de incomprensión e de desatinos lingüísticos.

Hoxe podemos dicir con todo rigor que estamos no camiño axeitado. Ese era un anxeio de principio, e nada nos importa recoñecer que nos vimos reforzados nas nosas inten-

cións cando esta Cámara xestou e aprobou a Lei de Normalización Lingüística, patrimonio cultural básico dun pobo, imprescindible para a comunicación e para a vida en común. A lingua é tamén signo inmarcesible da súa identidade.

A Xunta regulou a aplicación da Lei no marco do ensino, do mesmo xeito ca antes, facendo uso do seu poder regulamentario, fixara a normativa morfolóxica e ortográfica. Deste xeito, por unha banda recollíamos e refrendabámo--lo labor dos máis responsables estudiosos da lingua galega, dotándoa dun instrumento insustituíble para acceder ó nivel culto. Doutra banda, dabamos resposta a unha demanda social cada vez máis responsable e máis patente nas novas xeracións, que veñen recoller con mimo a herdanza deste noso pobo labrador e mariñeiro. Dentro dunha normalidade na que ninguén para contas, o curso escolar iniciábase sen traumas, sen atrasos, reorganizabámo--lo transporte escolar, de xeito que puidese atender á diseminada poboación escolar; organizabámo--lo primeiro concurso de traslados, o primeiro exame de oposicións, tanto en E.X.B. coma en Bacharelato, e todo isto lograbámolo cumpridamente.

Ademais, iniciábanse actuacións inversoras. No día de hoxe están adxudicadas ou en trámite de adxudicación obras de construción por valor de 3.465 millóns de pesetas, correspondentes a 52 novos centros: 38 de E.X.B., 6 de Bacharelato e 8 de Formación Profesional. Realizáronse obras e modificacións en 32 centros por valor de 319 millóns. E continúa a planificación, de xeito que entre 1983 e 1984 haberá en Galicia 94 centros novos, ubicados segundo as necesidades de cada comarca.

Dispoñemos de moitos datos que poderían dar mellor idea do esforzo da Administración galega no terreo do ensino, pero impórtame máis agora dicir, como un adianto da outra cara da moeda, que a dirección e a coordinación deste esforzo se debe

ó labor de 83 funcionarios e altos cargos.

Outro campo de preocupación era o das obras públicas, o medio ambiente, a ordenación do territorio e urbanismo, e por iso o esforzo na procura de competencias nestes eidos foi tamén importante.

E tamén aquí hai que ter en conta a carencia de planificación na maior parte dos nosos Concellos. A labourea que hai que facer é inmensa se partimos da consideración de que a ordenación do noso territorio, tanto desde o punto de vista agrario coma urbanístico e industrial, é o imprescindible punto de partida para programa--las infraestructuras, ubica--los equipamentos e as industrias, protexe--lo medio ambiente e a mellora da calidade de vida.

Por iso, o recoñecemento territorial de Galicia, continuación do inicial Plan Director Territorial, foi un dos nosos anceios, e podemos dicir xa que estará rematado en poucos meses.

Adoptáronse as medidas para que os Concellos galegos dispuxesen do planeamento que precisan, e mentres tanto estúdiouse a adaptación da Lei do Solo a Galicia, proxecto que xa está no Parlamento. Deste xeito, e cunha acción global, fomos conseguindo que as Corporacións Locais se percatasen da necesidade do planeamento e se puxesen a traballar nesta tarefa coa nosa colaboración, prevéndose que a cartografía e o planeamento dos nosos Concellos estarán rematados para 1985.

No tocante ás estradas, que foron transferidas hai pouco máis dun ano, á parte de xera--los pasos para a mellora da rede, elaborando proxectos e facendo previsións de importantes inversións, traballouse intensamente no Plan de Estradas, que definirá e calificará a rede, sinalará as necesidades de adaptación técnica e avaliará os recursos económicos precisos para o seu desenvolvemento. O plan será presen-

tado pronto nesta Cámara.

Parecidas actuacións de planificación e atención merecen os portos. En primeiro lugar, debo dicir, que estamos intentando que a Administración Central corrixa os seus criterios sobre Vilagarcía, para poder logra--la unidade portuaria que reclama a zona. Pero no ámbito das nosas actuacións temos feitos os estudos para unha programación axeitada, xa que as inversións en infraestructuras acadarán no ano 83 a cifra de 6.400 millóns de pesetas, chegará no 84 ós 13.200 millóns e o ritmo será crecente nos anos sucesivos.

A agricultura é aínda o sector máis importante da nosa economía, con forte significación dos subsectores agrícola--gandeiro e forestal. Tódolos esforzos serán poucos para poñer en marcha un programa axeitado ás necesidades do sector e, especialmente, para dispoñe--los medios que precisa unha política agropecuaria moderna, que xa está nas aspiracións da nosa xente. Non teño inconveniente en poñer de manifesto a complexidade desta política, sobre todo cando o proceso de transferencias foi, e segue sendo, unha loita continuada contra importantes núcleos da Administración central, e polo tanto só permite, aínda, instrumentalizar accións sectoriais, e non de conxunto.

Con todo déronse pasos importantes na organización, como nas iniciativas lexislativas que principian a deseñar un futuro preñado de posibilidades. Elaboráronse as Leis de Concentración Parcelaria, de Actuación Intensiva en Parroquias Rurais, de Cámaras Agrarias, e están en fase de elaboración a de Montes Veciñais en Mán Común, a de Caza, a de Espacios Naturais Protexidos, a de Incendios Forestais e a de Conservación de Recursos Xenéticos. Este panorama lexislativo mostra unha política integral, sen descoidar ningún elemento susceptible de aproveitamento de recursos.

Somos conscientes das reformas

estruturais que cómpre facer na agricultura. Estando sentando as bases para unha mellor operatividade na solución das necesidades máis sentidas. A concentración parcelaria, a ordenación de explotacións, as campañas de loita contra as pragas ou as enfermidades que comprometen a sanidade gandeira, a potenciación das razas autóctonas, a mellora da rede viaria nos montes e a restauración da vexetación autóctona, están nos nosos proxectos.

No campo galego vive aínda unha alta porcentaxe da nosa poboación, e por iso a transformación do sector agrario non é soamente un obxectivo económico, senón que é profundamente social. A reforma do agro non quedará completa se non vai acompañada da dignificación do oficio do labrego, da mellora da calidade de vida, poñendo ó seu alcance unha sanidade, unha asistencia social moderna, as posibilidades de comunicación e de equipamento doméstico, o disfrute dos bens culturais e a posibilidade de obter e ocupar un tempo de lecer axeitado. Por iso, ó falar de actuacións no medio rural, levaríanos a repetir unha serie de programas de varios departamentos que contribúen coordinadamente a esta importante laboura.

Referíndome xa ó subsector pesqueiro, teño que afirmar unha vez máis a importancia decisiva que ten para Galicia, tanto desde o punto de vista económico coma laboral. Nembargantes, a maior parte das competencias reguladoras desta actividade fican na Administración central, por faceren referencias unhas veces ós caladeiros de augas internacionais, por estaren outras veces ligadas a problemas de reconversión de industrias e frota, ou por se encontraren as transferencias con serias dificultades para ser recibidas axeitadamente. Inclusive o exercicio de competencias directamente derivadas do contido do texto estatutario vese dificultado, ou case anulado, pola falta de medios e de competencias de vixilancia na zona marítima--terres-

tre. Aínda máis: a propia elaboración de proxectos de lei, destinados a unha reordenación profunda do marisqueo e dos cultivos mariños, atópase con dificultades derivadas da definición do dominio público, que pode converter ás posibles leis en textos inconstitucionais ou inoperantes.

Así as cousas, cómpre afirmar que a importancia do sector pesqueiro para Galicia non se ve compensada coa capacidade de xestión desde a Autonomía, e, polo contrario, a existencia da Consellería de Pesca puido chegar a crear unha ilusión deformante, que lonxe de solucionar--los graves problemas do sector, contribuíu á frustración de moitos esforzos dos galegos.

A Xunta de Galicia non renunciou, nin renunciará endexamais, a incrementa--la súa capacidade de xestión dos intereses pesqueiros, xa sexa insistindo nas transferencias ou afondando nas posibilidades legais do Estatuto. Mentres tanto dúas Direccións Xerais, as mesmas que existían antes da remodelación, seguen velando polos intereses da xente do mar.

En todo caso, a problemática do sector primario está sendo estudia--da pola Xunta, non só baixo a perspectiva da súa necesaria transformación, senón tamén polas necesidades da adaptación, que se esixe con vistas á posible entrada no Mercado Común Europeo.

Non obstante, as actuacións en concentración representan hoxe un volume de 1.800 millóns en inversións, mentres que se adican 200 millóns a mellora rural e local; 90 millóns a mellora de pasteiros; 220 millóns ás repoboacións, rexeneracións e obras de infraestrutura; 300 millóns invértense na loita contra a tuberculose e a brucelose; 30 millóns na mellora zootécnica; 50 millóns nas ordenacións de pastos; e outras cantidades a diversas actuacións desde a investigación ata o ensino agropecuario. En total andamos agora por unha cifra de

2.750 millóns en inversións neste sector, que incrementaremos substancialmente en próximos exercicios.

Cómpre dirixir agora unha ollada á problemática sanitaria que tanto me preocupa, non só porque dá a medida humana dunha sociedade, senón porque --como saben as Súas Señorías-- formou parte da miña vivencia humana.

Dicía no Discurso de Investidura que os puntos fundamentais sobre os que xiraría a política sanitaria serían os seguintes: Primeiro, practica--la sanidade como un ben social, ó que tódolos cidadáns teñen dereito, e que inclúe non só as actividades asistenciais, senón tamén as preventivas, as rehabilitadoras e as educativas. Segundo, corrixi--los desequilibrios territoriais, fundamentalmente nas zonas rurais. Nesa dirección démo--lo primeiro paso coa Lei de Sanidade Escolar. Esta Lei, que principiará a aplicarse experimental e gradualmente no vindeiro 84, é como botala semente no terreo máis fértil, entre a nosa mocidade, entre os nosos nenos, que son os que farán a Galicia sa, limpa, forte e xenerosa que soñamos cada día.

Non obstante, e para facer boa a promesa de corrixi--los desequilibrios, as primeiras dotacións do Fondo de Compensación Interterritorial destinadas a sanidade foron invertidas na súa integridade en centros asistenciais, equipamentos en Concellos rurais. Pero a nosa gran preocupación, que non descoida accións en defensa da saúde, é a de ir labourando nunha planificación previsora dos actuais e futuros recursos sanitarios. Deste xeito, estamos rematando un mapa de recursos que será completado no sector asistencial e que constituirá o instrumento básico e imprescindible das nosas actuacións.

Doutra laboura fundamental cómpre falar agora: a cultura galega, campo no que conflúen tódalas forzas creativas do noso país. Marca de por si a personalidade socio-

-política do noso pobo. Hoxe en día máis ca nunca, porque xa non se trata de resisti--las contrariedades e ataques ós que se viu sometida en tantos momentos da súa historia, senón de provocar canles novas polas que poidan discorrer en liberdade as ideas e os homes que as producen.

Estamos nunha encrucillada de retos. Impónsenos, para non nos perder, a identidade que nos personaliza e que nos xustifica en función dun destino comunitario. Impónsenos unha alternativa de audacia, que de non asumir este reto é posible que en pouco tempo a nosa historia sexa a dun pobo vencido, que se converta en mero obxecto de investigación antropolóxica.

Non se trata de dramatizar para conmover ou para concitar adhesións. Trátase de entender que a cultura ruralizada, sobre a que procesaron os nosos devanceiros, está sometida a unha crise de identidade como nunca lle acontece ata agora. Trátase de que uns e outros entendamos que a nosa actuación deberá situarse nesa encrucillada de retos para, sen rompe--las amarras do noso pasado colectivo, provocar creativamente un encontro coas manifestacións culturais que en evolución permanente configuran novos modos de vida no mundo. Para que ese proceso non falsee a realidade cultural de Galicia é preciso partir do que é a razón e a xustificación do noso pasado histórico: a cultura tradicional de Galicia. Manter latentes os signos de identidade. Cómpre afondar nesa riqueza humana. Todo, absolutamente todo, é antecedente incuestionable. Tamén as pedras milenarias, que seguramente é preciso e urxente rehabilitar, para que chegue a elas a vida, a cultura, a expresión colectiva ou individual.

Pero non podemos precisa--la mirada no pasado, liberados das ataduras materiais que ten toda manifestación ou sistema cultural de valores. Cómpre asumi--lo espírito creativo que os anima e darlles

unha fisonomía anovadora, válida para o diálogo cos homes e mulleres do ano 2000. Os tempos son outros. Chegou o momento en que crear infraestrutura cultural e infraestrutura técnica para as manifestacións e difusión da cultura é tan importante como salvar, reutilizando á vez estes espazos, o que constitúe o patrimonio arquitectónico e monumental do País Galego.

E chegou o tempo en que o País debe ser vertebrado para que nel se desenvolva unha manifestación de alta cultura e, ó mesmo tempo, ofertas culturais de masas. A partir desa vontade a acción cultural terá que seguir dúas direccións que confluirán de múltiples e variadas maneiras.

En primeiro lugar, hai que crear infraestrutura cultural. Partimos practicamente de cero. Faltan espazos culturais, faltan iniciativas que operen unha transformación e posibiliten ofertas anovadoras na cultura institucional do País, é dicir, na cultura que sosteña eses signos de identidade ás que antes me refería. Non podemos desaproveitar nada. As veces a imaxinación terá que ir por diante dos medios económicos, pero nalgún momento deberán confluír. Dignifícala--la nosa cultura pasa por revitaliza--lo que temos, pasa por crear un campo de acción no que todos, sen discriminación ningunha, poidan desenvolver, sen traumas, a súa capacidade artística e intelectual.

En segundo lugar, cómpre dinamizar culturalmente tódolos rincóns do País. En colaboración aberta a todos, a nosa vida cultural reco-brará o pulo debido.

Recuperarémo--la capacidade de iniciativa en dous sentidos, apoiando decididamente todo o que é forza cultural no País, e abrindo as portas á política cultural de carácter institucional, facendo que a cultura sexa efectivamente de todos, porque Galicia é moito máis cás sete principais cidades nas

que, case en exclusiva, se programan as manifestacións culturais.

A idea é a de que cada día do ano haxa en Galicia unha oferta cultural. O traballo dos animadores e creadores de cultura estará así valorado na súa xusta medida. Esta preocupación cultural, aberta e lanzada ó futuro, non é, repito, un desenraizamento do noso pasado. É un recoñecemento de que o noso presente foise facendo outro, por mor dunha transformación industrial que pretendía que o sector secundario servise de motor do desenvolvemento económico de Galicia.

Cómpre dicir agora que tamén aquí vivimos momentos de dificultades. Unha profunda crise ameaza á industria galega, debido ós criterios que o Goberno central sostén na reconversión de sectores. Por iso, lonxe de cansar ás Súas Señorías cunha longa relación de problemas parciais e cos proxectos de actuacións, limítome agora a senta-la filosofía coa que nos achegamos a este asunto.

Non ignoramos nin minusvalorámo--la realidade da crise, nin caemos na utopía de pensar que se pode superar sen custos económicos e sociais. Si, defendémo--lo interés xeral de Galicia no marco do Estatuto, e coas obrigas propias de todo Goberno, e solicitámo--la participación que xustamente nos corresponde na dirección do futuro das comarcas industriais de Galicia. E queremos esa participación para dicir que a significación cualitativa da industria naval ten que se manter para defende--la alta tecnoloxía de que dispoñen os nosos astelleiros. Para esixir que a repercusión da acción de reconversión non se acentúe na Nosa Terra, e aínda máis, para dicir que é de xusticia soste-la unha das bases fundamentais da industrialización galega. Sen renunciar a intervir no proceso de reconversión dos grandes sectores, a Xunta considera obxecto preferente da súa atención e apoio a potenciación das pequenas e medianas empresas, que son o tecido básico do

sector industrial galego, que cunha moi alta taxa de creación de emprego é resistente a esa crise.

Seguindo estes criterios a Xunta aprobou e puxo en funcionamento varios programas de incentivos e axudas en favor das PYMES, tanto para a mellora do equipamento tecnolóxico e de apoio á innovación, como para a instalación de equipos que favorezan o aforro enerxético, dispoñendo ó mesmo tempo axudas directas ás asociacións para o estudo e proxección dos sectores industriais e subvencións do interés de préstamos para a realización de inversións.

Por outra banda, a Xunta realizou unha importante toma de participación no capital de SODIGA, o que lle permitirá desde agora tomar parte, xunto co INI e as entidades financeiras galegas, nos plans de actuación desta Sociedade de promoción industrial, que ten unha importante presenza no tecido industrial galego. Cómpre dicir ademais, que axiña se creará un servizo de información industrial unificado, coa misión de asesorar, coordinar e xestionar--los diversos tipos de axudas e estímulo das administracións públicas en favor das pequenas e medianas empresas.

Pola súa notable incidencia no emprego de man de obra nas zonas rurais, aprobouse tamén un programa de apoio ás actividades e produción artesanais, actividade coa que se cobre ademais unha importante misión cultural, que impida a desaparición de actividades en fase de extinción. Nembargantes, afondando no problema, o certo é que Galicia se atopa, no aspecto económico, diante dun panorama complexo e difícil, que esixe para o seu tratamento plantexar--los problemas coa máxima obxectividade, tanto no estudo da súa realidade económica coma no campo das medidas concretas e na modulación da súa aplicación.

As medidas económicas operan sobre realidades concretas, que non se reducen ó puramente económico,

afectan a esquemas sociais, culturais, demográficos, etc., que condicionan á súa vez, de maneira determinante, a efectividade da medida económica.

Neste campo de actuación, no que nos toca en sorte disputar coa crise industrial de maior envergadura que coñeceu a nosa historia económica, o Goberno galego enfréntase coa necesidade de ponderar todos os factores que inciden nela. Hai que elevar--la produtividade do noso País, pero ó mesmo tempo hai que mellorar--lo nivel de emprego. En principio, e sen maiores matizacións, estes dous obxectivos --deixando de lado calquera demagogia--son incompatibles e contradictorios. A pesar disto, e analizadas as estruturas profundas galegas, esta Comunidade debe ter unha resposta de política económica que sexa diferente das doutras Comunidades Autónomas. Isto vén dado polo feito obxectivo de que Galicia ten un 40% da súa poboación no campo, e é unha das Comunidades con utilización máis intensiva do factor traballo, medido sobre o valor engadido bruto que é, pola súa banda, un dos máis baixos de España, pero que ó mesmo tempo presenta o maior índice de avellamento da poboación, con carácter regresivo.

Esta simple observación estatística condiciona e suxire a carencia dunha política económica que busque ó mesmo tempo, en épocas de crise, a mellora da estrutura produtiva e o sostemento do emprego.

Consideracións deste tipo --e esta vai dada soamente como un exemplo-- condicionan o próximo presuposto para o ano 84, que será presentado nun prazo breve nesta Cámara.

No campo económico seguiuuse dentro das nosas posibilidades unha política que persegue dúas finalidades ben diferenciadas. A primeira, foi o establecemento e creación dun tecido administrativo por medio do que se poidan operar--las medidas económicas. Sen estrutura adminis-

trativa non hai política eficaz. Neste sentido estaba orientado o Presuposto de 1983: a Lei de Xestión Financeira e a Lei de Patrimonio da Comunidade; así como a Lei de Compensación Financeira, xa discutida; e a Lei do Consello de Contas, en estudio polo Goberno; e a do Consello Económico e Social, que esperamos ter disposta nun breve prazo. Todo isto, conxuntado cun máis efectivo ordenamento interno, permite establece--las bases xurídico--económicas que fagan posible unha mellor utilización e unha máis apurada fiscalización dos recursos galegos.

Sentadas estas bases, o programa económico do Goberno instrumentase a través de catro feitos fundamentais: primeiro, o Presuposto de 1984; segundo, o Plan Económico; terceiro, o Libro Branco sobre Reconversión Industrial; cuarto, a presentación do Balance Enerxético galego. Quedan fóra das nosas facultades a aprobación da reforma do Estatuto, no aspecto financeiro, e a financiación da Comunidade, que dependen ata agora das singulares interpretacións do Goberno sobre leis de rango orgánico, cando non constitucional.

No Presuposto de 1984 intentáranse utilizar ó máximo os recursos da Comunidade coas seguintes finalidades: primeiro, mellora do nivel de vida galego; segundo, creación de postos de traballo con futuro; terceiro, mellora agrícola e gandeira; cuarto, mellora da comercialización en tódalas súas ordes e establecemento dunha proxección externa axeitada á produción galega; quinto, remodelación e establecemento de mecanismos exportadores; sexto, continuidade da colaboración con SODIGA e creación dunha sociedade adicada ó desenvolvemento tecnolóxico, e tamén financiación de proxectos innovadores; sétimo, utilización dos recursos financeiros con unidade de xestión, establecendo as prioridades oportunas.

No Plan Económico explicitáranse con maior rigor as liñas futuras

dun posible desenvolvemento, que non serán estáticas, senón variables con respecto ás necesidades de cada intre, e que vai conte--los obxectivos e as medidas que xa se conteñen no Presuposto do 83 e no do 84. O Plan incardinárase nos Presupostos sucesivos, de xeito que o estudio, variables e condicionamentos da economía galega teñan un reflexo operativo e de obrigado cumprimento no marco presupostario, establecéndose así a relación biunívoca e necesaria entre o por que se gasta e como se gasta.

A Comunidade Autónoma Galega non acepta a imposición de determinadas políticas en terreos que lle son propios, senón mediou a súa colaboración e o seu consentimento. Consecuencia disto é o compromiso de publicación do Libro Branco sobre Reconversión Industrial, no que o Goberno galego establece o que considera estratexia propia sobre un tema que non se lle consultou nin se tiveron en conta as súas observacións e compromisos. Do mesmo xeito o balance enerxético galego someterase a este Parlamento, porque o Goberno considera que por este camiño, coa actual política enerxética española, se está privando a Galicia dun dos seus recursos fundamentais. Financiando a outras Comunidades e poñendo un obstáculo máis a unha correcta utilización dun recurso escaso en prexuício da economía autónoma e da española, aínda que efectivamente supoña vantaxes para insolidarios e aproveitados, porque, ó fin e ó cabo, o que perde Galicia gáñano outros.

Tampouco se trata de enumerar punto por punto o que se executará en 1984, pero penso que o Programa Económico é denso, e que será asumido responsablemente e coa necesaria flexibilidade para axeitarse ás circunstancias tanto do devir económico coma da súa posible ampliación, se, como esperamos, a política financeira do Estado con respecto á autonomía galega comenza a funcionar seriamente polas canles legalmente establecidas, co debido

respeto ós principios constitucionais.

Esta é, señoras e señores Deputados, a situación da política autonómica galega expresada nas súas grandes liñas e proxectada cara a un futuro, que ten como punto central de referencia o remate da actual lexislatura. Coido que o dito ata agora, coa concisión e xeneralidade que impón unha intervención parlamentaria destas características, é sen embargo suficiente para sustenta--lo debate que ha seguir, para facer posible ó longo dos próximos meses un axeitado seguimento da acción de Goberno, en cumprimento do mandato parlamentario que teñan asumido as Súas Señorías.

Sei moi ben que o que acabo de expoñer é soamente unha forma das moitas posibles de se achegar á realidade do Goberno galego. E sei, por tanto, que queda aberto o camiño á crítica e á discrepancia.

Nembargantes, cómpre dicir tamén, con toda claridade, que non estou sometendo nin o programa nin a acción do Goberno a un debate de confianza, nin moito menos a unha nova investidura, na que estivese en tea de xuicio a propia lexitimidade para asumir de cheo a responsabilidade de Goberno.

A Xunta de Galicia ten unha maioría que lle permite soste--la súa propia liña política e ideolóxica, no medio da dialéctica parlamentaria, substancial na democracia. Limitase, pois, todo o devandito, a un informe sobre dos obxectivos e realidades do Goberno, sobre do que asume con gusto un debate, que estou seguro nos enriquecerá a todos.

E non quixera rematar sen facer unha referencia á discrepancia radical que entorno á liña de Goberno aparecerá seguidamente, xa que estou seguro de que máis alá da denuncia dos erros e limitacións, que sen dúbida ten o Goberno, de que máis alá dos lexitimos xuicios de oportunidade ou dos diferentes cri-

terios de valoración, estará o diferente enfoque da realidade social que teñen as forzas políticas que representan ó Goberno e á oposición desta Cámara.

O Goberno, que presidido, enmarca a súa actuación nun contexto ideolóxico no que a responsabilidade individual, a iniciativa privada, a liberdade de empresa, a pluralidade na educación, o respecto a tódolos momentos da vida humana, e unha longa serie de características semellantes definen unha acción que non satisfai con toda seguridade ós que en discrepancia tan aberta coma lexitima defenden outro modelo.

E dirase que a Xunta non ten política de loita contra o paro, e eu saberei que o que se botará en falta será en realidade a falta de inversión directa dos Fondos Públicos coa finalidade de incrementa--lo emprego. Eu afirmo que me é suficiente con crear un marco de seguridade, de incentivación e de confianza no que o emprego se sosteña e incrementa, como sucede sen dúbida nesta Comunidade, en comparación con outras autonomías de España.

Dirásese que non hai modelo educativo, polo feito de que se favorece á competitividade e a presenza da iniciativa privada coas garantías suficientes, pero dentro dun marco real de liberdade de ensino. Dirásese que non hai vontade autonómica, e eu saberei que se afirma un sistema dialogante e unha actitude solidaria do Goberno galego.

Así poderíamos multiplica--los exemplos para afirmar unha vez máis que, ademais dunha responsabilidade institucional --que debe presidir necesariamente os primeiros momentos do autogoberno-- e do profundo sentimento galego que tende a unificar--los esforzos de todos en beneficio desta terra, existe un modelo político, un conxunto de conviccións, que dan vida a esa frutífera realidade democrática na que, Goberno e oposición, contri-

búen, cada un desde a súa responsabilidade, á procura dunha realidade cada vez mellor, dunha sociedade que se esforza por conserva--lo progreso e a paz, dentro da liberdade.

Moitas gracias, señor Presidente, e Señorías.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Presidente.

Grupos Parlamentarios que desexen intervir no debate.

O Grupo Parlamentario Mixto ten que dividi--lo tempo, que é de 20 minutos, e correspóndenlle a cada orador 10 minutos.

Ten a palabra o señor Deputado Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, coa brevidade que nos impón a fórmula regulamentaria, e que convén para facer unha crítica axeitada e precisa ó discurso do señor Presidente do Goberno galego, sobre a política xeral da Comunidade Autónoma, vou facer unha crítica desde a nosa posición de Partido de esquerda e nacionalista.

Non vou ser dramático. Non o intentarei en absoluto nesta crítica. Nós sabemos que estamos nun momento concreto da reconstrucción nacional de Galicia e na loita por unha sociedade mellor. Un momento máis e esperamos que no futuro o noso pobo comprenda onde están as verdadeiras solucións, cales son as propostas políticas que realmente poden facer que Galicia teña unha sociedade máis xusta e solidaria.

En todo caso teño que dicir, antes de comenza--la miña crítica, que esta está tamén situada no marco dalgunhas medidas concretas, exemplares do Goberno galego, como a que acaba de tomar --proponendo un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Reconversión Indus-

trial do Goberno central-- que demostra, xustamente, o labor principal que lle corresponde a este Parlamento. Non é en absoluto para recaba--la nosa postura, nin a do conxunto do Parlamento, que moi recentemente aprobou unha resolución que ía, xustamente, nesa dirección. Pero teño que recordar que este Partido Político ó que pertenzo, Esquerda Galega, presentou neste Parlamento diversas propostas respecto da reindustrialización, puxo de manifesto as competencias que tiñamos segundo o Estatuto de Autonomía, no noso artigo 30; recibiu, mesmo, as críticas do Goberno, respecto de que este artigo non chegaría ata onde nós criamos que debía chegar. Moi recentemente recordou que para facer unha política apropiada de autogoberno moitas veces había que recorrer ó Tribunal Constitucional, como recorre moi frecuentemente o Goberno central.

Neste sentido --claro está-- teño que dicir que estou de acordo con esa medida, e teño que dicir tamén que esa medida procede dos debates habidos, moi frecuentemente, neste Parlamento.

A nosa actitude de crítica ó discurso do Presidente está feita desde unha posición, sen compromiso de ningún tipo. Está feita --como dixeran antes-- desde unha postura de esquerda e nacionalista, desde un punto de vista non electoralista. Nós sabemos que non imos gaña--las próximas eleccións, claro está, pero, si sabemos que estamos intentando crear, pouco a pouco, unha alternativa política que governe ó pobo galego desde uns principios que nós consideramos máis axeitados.

En todo caso, a nosa postura non deixa de ter tamén un elemento de cooperación no proceso de reconstrucción nacional, como Partido que ten unhas perspectivas moi concretas respecto do que hai que facer en Galicia neste momento. Pero no discurso do señor Presidente non encontrei practicamente nada novo. Debía explicárno--lo programa político económico, e non o fixo. Sina-

lou algúns indicios, absolutamente insuficientes. Debía explicar axeitadamente o cambio das Consellerías na última remodelación do Goberno, e non o fixo. En todo caso, debía explicarnos como pensa crear unha nova conciencia do autogoberno, tanto dentro de Galicia coma fronte a outras institucións que son contrarias a este autogoberno. Cremos que nestas tres cuestións o Presidente non deu unha resposta axeitada.

Por outra parte, no momento histórico en que estamos, nós xa non podemos ter unha opinión respecto do que se pensa facer polos bos desexos, senón que temos que aternos xustamente ó realmente realizado. Neste sentido, a crítica ó discurso do Presidente debe facerse mediante unha crítica global ós dous anos de Goberno autónómico que levamos. Dividirei a miña crítica desde diversos puntos.

En primeiro lugar, cremos que o Goberno galego non creou ilusión e esperanza na Autonomía. Neste momento o pobo galego, maioritariamente, non está mellor que hai dous anos, na creenza sobre as virtudes nas que nós poñémo--la nosa esperanza do autogoberno. Desde logo, tampouco se incrementou a conciencia nacional, e moitas veces tampouco se fixo o axeitado para incrementar--la dignidade nacional, o orgullo do país.

En segundo lugar, o pobo preguntase moitas veces para que serve a Autonomía, e, evidentemente, a responsabilidade fundamental desta cuestión estivo durante estes dous anos no Goberno galego, fundamentalmente en cuestións que deberon resolverse a través dun programa de Goberno, co cal non se contou.

Podía referirme moi brevemente a algunhas cuestións, que son evidentes. Non se deu ata hoxe unha resposta axeitada ó problema da reconstrucción naval. O problema de ASTANO e ASCON tratouse repetidamente neste Parlamento. Non se deu unha resposta axeitada ó problema

de FENOSA, e agora parece que o Goberno galego empeza a preocuparse da política enerxética. Non se deu unha resposta axeitada ó problema de ENDESA e ós seus beneficios. Na cuestión da pesca non se fixo nada por ordena--las rías; non se fixo nada por reclamar, con firmeza, as competencias pesqueiras que nos corresponden. Na agricultura non se fixo nada, nin se dixo tampouco nada no discurso do Presidente, por defini--las grandes liñas do futuro: para onde camiña a agricultura galega, cales son as producións que debe levar a cabo, cales son as formas de vida que debemos potenciar no campo. Non se fixo nada durante estes dous anos, nin se dixo nada hoxe, realmente.

A propia Xunta non dá exemplo na cuestión da normalización lingüística. Contemplamos continuamente como non se levan a cabo programas de normalización, e a propia Xunta --e non vou referirme a cuestións moi concretas-- non leva a cabo no seu seo a normalización lingüística

¿Fíxose algo respecto da integración das Deputacións na Comunidade Autónoma? Hai que contestar negativamente. Tampouco en resolver problemas urxentes de comunicación. Mesmo nas cuestións tan urxentes coma a estrada Santiago--Pontevedra, que aínda que non sexa competencia da Comunidade Autónoma, si debe poñe--lo Goberno galego toda a forza da súa autoridade moral en resolver problemas deste tipo. Tampouco na renovación pedagóxica, ou na cuestión da sanidade. O pobo galego nota que algo cambiou, o pobo galego nota que o poder está noutro sitio nalgúns cuestións, pero non hai nada que chegase a eles nestes dous anos, que indique que a Autonomía non é simplemente un cambio de lugar de ubicación do poder, senón que é algo totalmente novo, como nós desexamos.

Por fin, o Presuposto de 1983 --non coñecémo--lo Presuposto de 1984-- onde só constaban 2.436.000 pesetas de inversión autónoma. Tam-

pouco serviu para concentrar esa política económica, esa política xeral do Goberno, e mostrar que a Autonomía era algo máis ca un simple cambio de ubicación do poder, como antes dixeran.

O Goberno, por outra parte, foi débil na defensa do autogoberno. Neste sentido, somos herdeiros do Discurso de Investidura, onde se falaba de Galicia como rexión, continuamente; onde practicamente se defendía a LOHAPA; onde se falaba de forma de non feri--lo Título VIII da Constitución; onde realmente non se describía xa unha política axeitada, en defensa do autogoberno. Mesmo, esta debilidade en defensa do autogoberno quedou moi de manifesto na intervención do señor Presidente na Televisión Española, onde puxo de manifesto unha evidente brandura de xenio na defensa da nosa Autonomía.

O Presidente e o seu Goberno non cumpriron o programa de investidura. E recordo aquí que no Discurso de Investidura --se non me equivoco-- os aspectos ós que se lles dedicaron máis tempo, foi xustamente á cultura e á pesca. Estes dous aspectos sectoriais de Goberno foron, xustamente, os que quedaron descalificados na última remodelación. Tamén se falou moito da política da Facenda galega. Se se le o Discurso de Investidura verase que non se levou a cabo practicamente ningunha das medidas descritas. Mesmo hai medidas a nivel da Administración Local que están desmentidas tamén pola eliminación da Consellería do Interior. Por exemplo, a institucionalización dunha escola da Administración Pública.

No desenrolo lexislativo, naquel Discurso de Investidura, falábase de que o papel fundamental lle debería corresponder ó Goberno, e, aínda que neste momento timidamente está presentando máis proxectos de lei, ata hoxe, é certo que non se cumpriu esta promesa. En todo caso tampouco se cumpriu a promesa de que as transferencias deberían determinarse no seu programa e no seu

contido, no prazo dun ano. O Goberno deberanos dicir en que medida é responsable de que non se cumprise tampouco esta promesa.

Tamén tivo unha falta evidente de enerxía coas Administracións locais. Permitiu moitas veces agresións directas á Autonomía desde estas Administracións. Evidentemente, debe loitar contra iso de maneira dialéctica, tanto, directamente, por algúns poderes locais, coma solapadamente, por poderes locais ou provincias que teñan unha dependencia política, no sentido partidario, directamente do Partido que nos goberna. Creio que houbo unha falta de enerxía evidente coas Administracións locais. O Goberno non cumpriu os acordos do Parlamento, moitas veces, e non tivo unhas relacións axeitadas co mesmo; por exemplo en cuestións que este Deputado conseguiu que se aprobasen aquí moitas veces, mesmo por unanimidade. Non fixo nada con respecto ó tratado de relacións con Portugal, non fixo nada respecto da explotación dos lignitos da Limia,...

O señor PRESIDENTE: Ten que ir rematando, señor Deputado.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Moitas grazas, señor Presidente, non paso dun minuto, e remato xa.

Non cumpriu en levar a cabo o Instituto Galego de Estadística; non levou a cabo evidentemente a Ordenación do Sector Pesqueiro, tal como se aprobou neste Parlamento. O Goberno, como dixeran antes, non lexislou adecuadamente. Durante moito tempo, o peso fundamental deste Parlamento correu a cargo da oposición.

E por fin teño que dicir, para rematar --polo tempo que me queda-- que o Presidente non gobernou. Teño que recoñecer que o Presidente de Galicia levou a cabo, en moitos aspectos cunha certa dignidade, o papel importantísimo institucional, que nós continuamente quixemos que

se resaltase. Pero tamén hai que dicir que, ata este momento, o Presidente de Galicia non demostrou que estea ó tanto das cuestións do Goberno; non demostrou que domine o seu Goberno en conxunto; que se faga unha política inspirada por el. Nós non coñecemos aínda ó Presidente de Galicia como gobernante. Coñecemoslo, si, dalgún xeito --e temos críticas tamén nese sentido-- no seu papel institucional de representante de Galicia. Como Presidente do Goberno do Executivo, para nós, o Presidente de Galicia, neste momento, está totalmente inédito.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Guerreiro, pode facer uso da palabra.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, Señorías, antes de entrar no tema, quería dicir dúas cousas previas:

Primeiro, que debo confesar, ante as Súas Señorías, que son un pouco iluso. Viña con certa preocupación, porque como saben vostedes estes días non me puiden dedicar a prepara--lo que podía ser unha réplica ó señor Presidente do Goberno. Tiven outras tarefas, non máis importantes ca estas --por iso estou aquí, naturalmente--, pero que non me permitiron centrarme neste tema. Viña preocupado ante a miña falta de preparación ante o que presumía, ilusoriamente, que ía ser un proxecto político sobre o que podíamos discutir, crítica ou non criticamente. Xa digo, creo que o tempo que tiven no avión para prepara--lo que vou dicir é máis ca suficiente para respostar ó que dixó o señor Presidente do Goberno.

En segundo lugar, quero dicir, desde o principio, para que non haxa equívocos, que eu non comparto a idea --non digo que a expresase ninguén-- de que ser reponsable é evitar unha crítica, e ás veces unha crítica dura. Creo que, en aras dunha actitude política res-

ponsable, eu vou facer unha censura global ó Goberno, e con todo respecto persoal, unha censura dura, clara e nítida ó señor Presidente do Goberno. Naturalmente, sacando todo co tema persoal como responsable último das institucións, como responsable último do Goberno.

E digo que esa é unha actitude responsable, porque a actitude de dous anos de Goberno de Alianza Popular non está desprestixiando --cousa que me preocupa menos-- ó seu Partido: está desprestixiando ás institucións de autogoberno, ata o grado de que hoxe, ó meu xuício, independentemente do que diga o señor Presidente, a Autonomía empeza a estar fondamente desprestixiada como un sistema eficaz para resolver--los problemas reais do país. E se non hai unha censura de fondo, e se non se proxecta a posibilidade dunha alternativa desde esta Cámara, que sustitúa ó ineficaz desgoberno de Alianza Popular, poderemos dicir que somos responsables colaboradores, pero estamos colaborando non a levar a diante o país, senón a desprestixia--la Autonomía e as súas institucións.

Por iso, por riba de calquera consideración persoal e estima persoal, creo que a actitude responsable dos galegos, de calquera color política, é que emerxa desta Cámara, responsablemente --porque non hai posibilidade de adiantar unhas eleccións estatutariamente--, unha alternativa de Goberno distinta á de Alianza Popular; que durante estes dous anos, ata as eleccións, salve e dignifique a Autonomía, e proxecte e recobre a confianza dos galegos no sistema democrático da Autonomía. E iso, creo eu, desde a miña óptica, con todo respecto, é a responsabilidade dos Partidos Políticos autonomistas. O demais non é colaborar para gobernar; neste caso, é colaborar para fundir e desprestixia--las institucións autonómicas.

Eu creo, señores Deputados e señores do Goberno, que evidentemente a intervención do señor Pre-

sidente --e hai que agradecerllo-- foi curta. No balance podía ser moito máis curto, evidentemente, porque non se pode presentar ningún balance.

Dicir que se fixeron algúns edificios escolares, algunhas cousas que aquí se explicaron, señores, iso pódeo facer calquera Administración central; calquera. Iso xa reflexa o concepto que se ten da Autonomía. O que se está descentralizando é a xestión, ás veces tam pouco mellor cá de antes, dito sexa de paso. Pero, ¿que proxecto nacional existe? ¿Que proxecto político? ¿Que estratexia? ¿Que pensa o Goberno galego do que ten que se--la Galicia dentro de dez anos? Nese contexto hai que implementa--las medidas concretas, lexislativas, materiais, etc. Iso é un proxecto. ¿Dicir que fixemos tantos edificios, que reparamos outros tantos; Claro que son cousas que hai que facer, pero están desligadas dun proxecto que os galegos vexamos claro, compartámolo ou non o compartamos, que ese é outro problema. ¿Que proxecto hai e que quere facelo Goberno coa Galicia de dentro de dez anos, ou de cinco, ou de once? Iso non existe. Non houbo nin hai programa de Goberno. E se me apuran, ata se esqueceron do seu programa electoral.

Un programa de Goberno son unhas prioridades; son uns obxectivos claros; e son a definición dos instrumentos, materiais, lexislativos e legais para poder aplicar ese programa nun prazo determinado de tempo.

Pero aquí repetiuse, empobrecidamente, o Discurso de Investidura. E digo empobrecidamente, porque as liñas xerais que se nos deron son máis pobres, máis raquílicas, menos implementadas ca no Discurso de Investidura. Despois de dous anos de Goberno a Xunta de Galicia tiña a obriga, quizais non na sesión de investidura, de facer un balance das dificultades reais --non de xustificacións-- e fixar prioridades coas que se pode estar ou non

de acordo, insisto, pero prioridades claras, instrumentos materiais e legais para poder aplicalos.

Iso volve a faltar reiteradamente, porque non hai política de Goberno, porque non hai Goberno, señores Deputados, e porque non hai Presidente do Goberno.

Cando o vin no avión, hai uns días pensaba propoñer --perdóenme a humorada, que non o é tanto-- de que ó señor Presidente o nomeasemos Presidente de Honor, e que nomeasemos un Xefe do Executivo. Pero eu creo que xa non chega iso. Fai falla que emerxa da Cámara unha alternativa. ¿Unha alternativa; Porque non hai posibilidade estatutaria de eleccións, insisto. Fai falla que emerxa de aquí, responsablemente, unha alternativa.

¿Pode haber elemento máis plástico nun Goberno, en calquera país do mundo, que o señor Presidente do Goberno recoñeza durante estes dous anos, máis dunha vez --e aí están os Diarios de Sesións--, que non hai programa? Iso díxose aquí en marzo, cando a anterior remodelación da Xunta, e que no prazo de tres meses ou catro se presentaría. Aínda non se presentou, salvo que se entenda por programa do Goberno o discurso que o señor Presidente fixo aquí esta mañá. Pero en calquera caso, durante dous anos, recoñécese pola primeira autoridade do Goberno galego que non hai programa.

¿Hai elemento máis plástico para definir, polo seu propio responsable, o que é un Goberno nun país do mundo? ¿E que en calquera país dunha cultura democrática máis profunda, desde a sociedade --non desde esta Cámara--, desde a prensa, desde a sociedade mesma, non se pediría a dimisión inmediata dun Goberno que recoñeza iso durante dous anos?

Señores Deputados: iso sería en calquera país de mínima cultura e hábitos democráticos, porque isto é impresentable. Pero a falta dese

programa son as actuacións concretas que dimanan da ausencia de programa. Aquí se dixeron algunhas, cousa que por outro lado xa vimos nos Presupostos do ano pasado.

Diría de paso, nesa recollida do panorama galego, que eu non sei cantas manifestacións máis haberá que facer diante da Xunta de Galicia para que se entere que ademais de mariñeiros e labregos hai obreiros neste país, que tamén os hai, que Galicia afortunadamente, se non poñemos remedio, claro, aínda é unha Galicia dos traballadores.

Eu creo que durante toda esta etapa temos temas básicos como o do ensino, que aquí se presentou como un gran tema. Pero neste Parlamento, aínda incumprida unha das súas resolucións, onde ademais de reparar edificios --que me parece estupendo, dito sexa de paso-- se pediu un diagnóstico do sistema escolar galego, os obxectivos a medio prazo. Déronselle tres meses ó señor Conselleiro de Educación. Fomos naturalmente benignos, porque houbo un cambio de Conselleiro, pero xa hai un ano deste debate, señores Deputados, e aínda non sabémo--los obxectivos da política educativa do Goberno e cales son os medios económicos, materiais e lexislativos para cumprir eses obxectivos, que dimanan dun diagnóstico do sistema escolar, porque iso é a Autonomía. O demais, como dicía o señor Nogueira, é cambiar de ubicación o poder, é xestionar, ás veces mellor e ás veces peor, o que poden facer tamén desde Madrid.

¿Pero cal é o modelo educativo que temos? ¿Cal é o modelo agrícola? Por certo, cando está no centro da polémica pública o que pode ocorrer con Galicia e o Mercado Común, aínda non sabemos que transformacións estruturais da economía e da gandería galega propón o Goberno para entrar en boas condicións no Mercado Común. Esa é a gran tarefa e o gran reto da agricultura galega, e non outro. Sobre esa base hai que toma--los proxectos lexislativos e os proxectos de transforma-

ción agrícola, pero saber que modelo de agricultura temos, para poder entrar no Mercado Común, nunhas condicións de gran crise na Comunidade, que nos intentan facer pagar unha gran factura, sen dúbida, e sobre todo ás zonas agrarias do país.

O señor PRESIDENTE: Señor Guerreiro, recórdolle que lle faltan dous minutos.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, señor Presidente.

Sobre da pesca, temos competencias exclusivas no terreo lexislativo, aínda que non teñamos traspasados os servizos, e non hai un proxecto de ordenación pesqueira, nin de marisqueo das nosas rías e da pesca de litoral, salvo unha esixencia testemuñal, que me pareceu ben, pero que non se implementou logo, porque non participamos e non esiximos participar a fondo e con propostas públicas nas negociacións dos caladeiros, que afectan decisivamente á nosa frota pesqueira. Fíxose unha vez, pero quedou como testemuño. ¿Por que non se insiste nese terreo?

Estou rematando xa. Trinta segundos, señor Presidente, coa súa benevolencia. Teño que saltarme, loxicamente. Nas réplicas veremos algunhas cuestións máis profundamente.

Sobre a política económica, señor Presidente, quero dicir dúas palabras que na réplica exporei máis a fondo. Miren vostedes: o principal problema que ten hoxe Galicia, como Nación, é a súa subsistencia industrial. Ese é o principal, non o único. Digo que aquí todo o mundo que entende de economía --non sei se o Goberno o recoñece-- acepta que aquí hai a quebra dun modelo económico. Pois para saír da crise hai que deseñar, polo menos teoricamente, un modelo económico novo, e saber que plans se van insertar nese modelo: comarcais, sec-

toriais, globais, fórmulas de financiación, inversións públicas, señor Presidente. ;Naturalmente, que inversións públicas; ;Como non vai haber inversións públicas para reactiva--la economía galega; E se non, o señor Vicepresidente podería explicar como evolucionou a creación de postos de traballo pola economía pública e privada en Galicia, desde os anos 60.

;E evidente que ten que haber inversións públicas; ¿Que medidas desas dimanan das nosas propias competencias, e cales hai que negociar con Madrid? ¿Que plans temos para canalizar e condiciona--las inversións públicas do Estado en Galicia? Tamén son inversións, aínda que non as controle o Goberno, pero pode condicionalas, canalizalas, vertebralas, etc.

Ese é un modelo económico; unha política económica. Xa veremos na réplica efectivamente como podemos profundizar todo isto. Pero todo isto está ausente. Eu digo que non houbo Goberno en Galicia; non houbo Presidente.

Polo que se ve, non hai perspectivas, nin proxectos, nin programa, e insisto na responsabilidade histórica. Responsabilidade, non é colaborar a este desastre das institucións; historicamente, é alzar un proxecto novo de Goberno, que existe posibilidade nesta Cámara.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pardo Montero.

O señor PARDO MONTERO: Señor Presidente, Señorías, tería que empezar dicindo, en trance de intervención --e vaimo permiti--lo señor Presidente da Xunta--, que isto non é propiamente un debate. El sabe, coma min, que para ser un debate fáltalle non só espacio, senón tamén, e fundamentalmente, intención.

Un debate implicaría un tema, unha discusión, unha análise e unhas propostas de resolución. Non é este o camiño escollido pola Xunta. Trócao nun informe sobre o cal cabe, como moito, unha sorte de valoración. Fago esta matización previa porque, con todo respecto, señor Presidente, entendo que escoitará vostede serias críticas. Moitas seguramente rigorosas e fundadas, pode que algunhas menos axeitadas; e cabe que parte delas cunha certa carga política.

Quero anticiparlle que non é ese o meu camiño. O meu Grupo impórtalle moi seriamente o proceso da nosa Autonomía como para comprometela neste momento, a pesar de posicións discrepantes que eu, hai un momento, acabo de escoitar. Entón, farei, si, unhas breves reflexións en alta voz, que penso que sexan constructivas, que non van estar exentas dun certo sentido crítico, cando sexa preciso, pero que, en definitiva, tratan de ver se se toman posicións de avance nesta nosa andadura, que é común en certo momento do proceso en que vivimos. E fareina a través, máis ca nada, máis ca do informe do señor Presidente, máis ca do guión que se me aportou a min concretamente esta mañá, a través dos dous anos de laboura que xa están aí, en números redondos, da propia acción de Goberno, que é o contido material. O fin e ó cabo, o discurso de hoxe do señor Presidente non é máis ca unha interpretación sobre a propia laboura do Executivo que preside.

Hai varias semanas, entrando xa no tema, e coincidindo precisamente con esa data de dous anos do Executivo galego, recabóuseme por certo xornal unha especie de valoración da executoria practicada. Despois de sinalar que dous anos me parecían un lapso de tempo suficientemente longo como para ofrecer unha análise axeitada, eu considereí esa laboura baixo cinco aspectos. Teño que dicir aquí que ignoro por que razóns na publicación non saíu máis ca un só deses aspectos, parcial e limitadamente, e, por suposto, non

o máis significado. Non por iso, porque sen dúbida habería boas razóns, pero, si, porque creo que o esquema segue sendo fundamentalmente válido, vou intentar esta valoración, a través, xustamente, desas cinco coordenadas que eu alí expuxera.

Para nós un labor de Goberno eficaz debería atender fundamentalmente a estes cinco aspectos: á xestión executiva, á programación político--económica de Goberno para a Comunidade Autónoma, ó desenrolo lexislativo dese programa, á promoción da actuación do Estado dentro do territorio de Galicia, e á personalidade e presenza de Galicia no contexto das Comunidades Autónomas. Faremos unha breve reseña, porque o tempo non dá para máis, a cada un destes capítulos.

Primeiro capítulo, o da xestión executiva. E sabido que, neste senso, a actividade do Goberno durante un ano estivo practicamente paralisada. E non paralisada a niveis de Preautonomía --que tiñan moito menos recursos económicos, e moitos menos recursos lexislativos, moita menos capacidade e poder de decisión--, senón baixo mínimos e baixo estes recursos.

Ten unha certa xustificación, porque é unha reestructuración que se impón, é un novo taparse conflitos que están aí, por xentes que inciden a unha actuación ata certo punto innovadora e descoñecida desde o seu punto de vista, desde a súa posición inicial. Pero un ano parécenos, en definitiva, un tempo demasiado longo.

Despois iniciouse unha certa andadura. Hai que dicilo así, porque é certo. Iniciouse unha certa dinámica, ben ó socaire dos servizos transferidos, ben por asimilación das propias competencias, ben por toda a propia impronta que, naturalmente, os membros do Goberno, en maior ou menor medida, aportaron a isto. Pero esta dinámica tivo unha andadura moi desigual. Penso que o dixeran eu a ese xornal no co-

mentario que facía, que con desigual fortuna --e paréceme de xusticia destacar aquí-- e non precisamente con mellor fortuna por aqueles departamentos máis favorecidos na opinión. Penso que isto é bo dicilo aquí.

Xustificouse esta parálise inicial, esta inmovilidade de partida, e xustificouse a lenta andadura posterior, dicindo que había dificultades de medios, de negociar competencias e traspasos. Isto pode ser certo en parte, e pódese xustificar en determinado sentido que se producise algunha lentitude no proceso, pero non é, evidentemente, a cuestión vencellante, a cuestión que domina nin que xustifica o mesmo. Entre outras razóns, pola fundamental de que quizais o Goberno se portou cunha postura de arrogancia ó asumi--lo tema das negociacións unilateralmente, cando se lle ofrecese e en realidade cando se fixese un mandato expreso por esta Cámara, no sentido de pluralizar ese diálogo. Penso que a obxección fundamental, o feito de que non fosen entendidos, o feito de que non houbera transferencias, ou polo menos o pretexto que aquí se deu, ó mellor non descubría máis cá propia incapacidade de manter un diálogo en términos comprensibles coa Administración central. O mellor era simplemente limitación, voluntaria ou non, pero limitación dos horizontes e dos plantexamentos.

Pasemos ó segundo capítulo, que para min é o máis importante. Creo que dixeran naquel comentario --que tampouco foi eco da opinión pública-- que isto representaba o nó gordiano e ó mesmo tempo o punto negro da acción de Goberno. Hai que encaralo así, porque eu estou tratando de axudar ó señor Presidente do Executivo galego, se se pode, a saír desta situación, porque creo que convén e é fundamental para o desenrolo da nosa Autonomía.

Refírome ó da programación político--administrativa para Galicia. Non se postulou neste aspecto ningún programa de actuación claro,

específico, axeitado ó que somos. Pero máis preocupante é que non hai signos claros, nin despois de escoitar ó señor Presidente, de que isto se pretenda corrixir cun enfrontamento global do tema. Isto é particularmente grave, porque xera actuacións espalladas, actuacións illadas e frecuentemente contraditorias, pero aínda máis, porque produce unha sensación de baleiro e desorientación da que é moi difícil recuperarse despois.

Dá a impresión --e dígoos con toda sinceridade-- de que non se ten unha conciencia clara do que é Galicia, nin do que quere ser. Penso que non se pode iniciar unha acción de Goberno eficaz se non se sabe e se parte, precisamente, destas dúas premisas. Hai que saber que sectores económicos e sociais conviven aquí, como conviven, en que medida se interrelacionan, en que medida están voltos de espaldas, e en que medida se condicionan reciprocamente. E a continuación hai que plantexarse por que modelo de desenrolo se vai optar, porque tampouco está claro.

Fálase dun programa, e eu teño que dicirlle que ten razón o compañeiro que me precedeu. Falar dun programa que se vai facer supón que ata agora non o hai. Pero é que estamos xa a mediados de lexislatura, e o tempo apremia.

Entón hai que saber por que modelo se vai optar. Se se opta por un modelo baixo os presupostos de concentración, ou de dispersión, ou de equilibrio, ou de calquera outro. Porque en función deses termos hai que vencer--lo noso determinismo xeográfico, porque Galicia ten unha xeografía bonita, pero terriblemente condicionante, e hai que vencelo cunha infraestrutura e cunha coordinación axeitada que venza, e pretenda e alcance a superar non só o noso illamento físico, senón tamén o noso illamento cultural.

E claro que hoxe temos ó lado da técnica máis especializada en

cuestións de produción os arcaísmos máis notorios e máis irritantes. Temos que plantexárola reestructuración do autóctono, pero ¿en que medida, como debemos potenciar, ata que punto e como o temos que incardinar no proceso de desenvolvemento xeral?

Temos que plantexarnos tamén a recuperación das nosas fontes de produción, con postulados que respondan a aqueles que se axeitan á nosa Comunidade. E temos que recuperar--lo equilibrio poboacional. Todos eses plantexamentos teñen que incardinarse conxuntamente, e deberan xa ser previos, e deberan selos que alimentasen a función de Goberno ata hoxe. Porque isto vai condicionar, ou polo menos debería condicionar, tódalas leis máis importantes, chámense de ordenación, do solo, de comarcalización, etc., que están a saír, ou teñen que saír de inmediato do Goberno, naturalmente, e desta Cámara.

O terceiro aspecto reséntese claramente da falta anterior: unha falta de coordinación global e programática do que se quere facer. O desenrolo lexislativo ata hoxe, mellor dito os proxectos de lei que chegaron, teñen, algúns deles, meritorios esforzos nos obxectivos que pretenden acadar, pero non responden a ningún esquema previo. Tenden a ser illados, non coordinados, frecuentemente contradictorios, e como lóxica consecuencia caen no de sempre: nun simple mimetismo respecto das leis do Estado, o que, evidentemente, faría de sobra a nosa Autonomía. Non é esa a cuestión; non é esa a saída.

Desde outro punto de vista --aínda que este teña moi pouca importancia-- hai que dicir que están moi mal elaborados, e impoñen unha ardua tarefa parlamentaria, ata o punto de que as leis que saen do Parlamento se parecen moi pouco ós proxectos que inicialmente entran na Cámara.

O outro aspecto, o da promoción da actuación do Estado en territo-

rio galego, tamén resulta condicionado pola falta dunha previa programación. Non se pode afirmar --e eu noteino, coa sensibilidade política dos que formamos parte deste entramado da Cámara dos Parlamentarios galegos-- esa tendencia dos membros do Executivo a centrarse nas súas competencias, dando por suposto que as competencias no Estado non son deles e non teñen que ver. Aquelas competencias do Estado, en canto fan relación a territorio galego, si, son --digámolo dunha forma expresiva-- dunha macrocompetencia xeral da Consellería respectiva, que ten que promover, promocionar, incentiva--la actuación do Estado. Pero isto require unha programación, porque se non se ten conciencia dos obxectivos a acadar, se non se ten conciencia da base de que se parte, se non se teñen razoamentos para esgrimir, poucas se poden acadar por esta vía.

E queda, finalmente, e para remate, a presenza de Galicia no contexto do Estado Autonómico. Eu, que tiveron a honra de formar parte de case tódalas Ponencias, de tódolos Estatutos de Autonomía --creo que con excepción de dous ou tres, ás veces a petición mesmo de compañeiros das Comunidades afectadas--, teño que dicir que é unha honra para Galicia que os Estatutos de Autonomía, a excepción do catalán e o vasco, están fundamentalmente inspirados no galego. E o resto da España autonómica estaba mirando a Galicia, non só no seu artellamento institucional pola lei máxima, que é o propio Estatuto, senón porque do sentido de moderación, do sentido de ecuanimidade que ten o galego, do sentido da súa andadura moderada, aínda se esperaba moito neste aspecto. Penso que nisto está todo por facer; que estamos perdendo prevalencia; que nos están pasando diante quizais outras Comunidades. Eu, naturalmente, creo na solidariedade, pero tamén creo que o Estado das Autonomías é a modo dun gran mercado, dunha gran feira, onde hai que ir negociar, cada un coas cartas que ten na man. Penso que Galicia non se pode deixar

arrebatar algo que por presenza lle corresponde, e por tradición tamén, quizais como a ningunha Comunidade, dentro do Estado Español.

Eran as reflexións que eu quería facer. Só concretar, finalmente, dicindo que o Goberno contou sempre co apoio dos diversos Grupos, tanto antes coma despois de que se producise esa maioría paccionada. Non é certo que o Parlamento regatease o apoio ó Goberno, porque o apoio non se define cando se fan críticas puntuais, máis ou menos fundadas. O apoio defínese cando hai que votar leis que artellan medios de corresponder con eficacia ás demandas que se xeran. E o apoio foi tal que non houbo lei rexeitada, salvo a oposición moi próxima, hai pouco, a algunhas que comprometían a estabilidade, tamén, do proceso autonómico.

Pero tanto antes, repito, coma despois dese pacto, o Goberno tivo sempre o apoio estable desta Cámara e o apoio máis desinteresado e xeneroso. Tivo tamén o apoio e os recursos da intelectualidade galega máis significada. E teño que dicir que ese apoio chega ata tal punto de xenerosidade que ás veces, ó meu senso, pon en serio compromiso a debida clarificación de posturas ante o feito autonómico. Pero penso que os motivos de defensa institucional, que presiden isto, xustifican o apoio que, repito, xenerosamente ata agora se plantexou.

Pois ben, malia todo isto e malia todo o apoio --ímolo traducir nunha frase shakespeariana, pero sacándolle a rudeza da versión orixinal-- "algo está fallando en Dinamarca". Enténdame, señor Presidente: algo está fallando no Executivo da nosa Comunidade Autónoma.

Hai un certo desencanto na sociedade galega. Hai un certo pesimismo. Estase xerando un claro escepticismo. Algo está fallando na capacidade de compromiso e na capacidade do Goberno para comprometer a todo o colectivo galego nesta andadura, porque non se pode prescindir

dir de ninguén. Nese sentido, como dicía unha vella máxima que se escribía nos reloxios antigos: "todas firen, pero a última mata". Como o tempo se acaba, nese sentido, quérolle dicir que desde aquí, institucional e desinteresadamente, contará sempre co noso apoio.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor González Mariñas.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, eu quixera, antes de nada, manifesta--lo disgusto do noso Grupo polo plantexamento e a forma de desenrolo deste debate, que se demorou máis do debido, que se tratou en certo modo de furtar ata o último momento e que, xa sendo isto imposible, se cumpriu --digamos que oblicuamente-- por parte do Goberno o acordo da Mesa de Portavoces, de que se remitise unha previa comunicación para o debate. Esta comunicación, polo menos pola miña parte, acaba de chegarme. E polo que vexo, máis ca unha comunicación para un debate da política xeral, semella outra cousa. Non sei: un papel para pedir unha bolsa da Unesco, unha bolsa de viaxe, ou algo parecido; con epígrafes tan significativos como "o sentido da Autonomía", "a forza das circunstancias", "as actuacións obrigadas" ou "o panorama das actuacións". Certamente, isto parécenos unha desconsideración. E se un se deixase levar pola vehemencia, pois tería certa lóxica non participar nesta especie de arremedo de debate. Só o respecto que nos merece esta Cámara fai que agora esteamos aquí, a pesar do noso disgusto.

Despois de oí--lo discurso do señor Presidente de Galicia, facendo balance da actuación da Xunta, un séntese, dalgún xeito, trasladado a aquel 7 de xaneiro de hai dous anos, en que se fixo a Sesión de Investidura. Diríase que estes dous anos non contan, ou que realmente contan pouco. Isto parece máis ben

un proceso cara ó futuro, pero non é un debate xeral sobre a política do Goberno. Hai unha descompensación notoria entre o que se fixo e o que se puido facer. Hai unha descompensación notoria entre o que se fixo e o que se deixa para o futuro. Soamente unha cousa queda clara: que hoxe volvemos escoitar aquí palabras moi parecidas a aquelas que escoitamos no Discurso de Investidura, con anxeos importantes, nos que un ten que estar necesariamente de acordo, pero que son promesas e promesas, polo cal parece que o debate non resulta posible.

O certo, sen embargo, é que o tempo resulta inexorable, e o tempo político ademais é implacable. O tempo en política xustifícase non pola formulación de píos desexos senón, indubidablemente, polos feitos, e polo carácter e a convicción con que se lles dá resposta. Porque non está a situación como para deixarse levar polas circunstancias. E unha situación crítica que encerra moitas dificultades. Iso é certo. Pero nós pensamos, desde o noso Grupo, que estas dificultades poden superarse se se dispón dun programa de Goberno seriamente definido para Galicia; se este programa traduce un concepto da Autonomía como un instrumento ou como unha forza integradora de tódalas potencialidades de Galicia; se se lle dota da imaxinación necesaria, que é moito máis necesaria en momentos de crise; e se, en fin, se afronta esta tarefa con vontade, unha vontade firmemente envaizada no espírito autonómico, de levar adiante ese programa.

Pero o que non pode ser --e non quero insistir máis neste punto-- é dá--la impresión de que a Autonomía sucumbe ante estas limitacións ou ante estas circunstancias desfavorables. Non pode ser da--la impresión de que non pode superalas, de que, en definitiva, non serve para sacar a Galicia do seu atraso secular. E desgraciadamente --e créanme as Súas Señorías que desexaría moito equivocarme-- a nós parécenos que esta conciencia vai calando pa-

seniñamente na nosa xente, que xa está perdendo a fe na Autonomía, que empeza a dicir que nas Institucións autonómicas estamos a perder-lo tempo.

Isto é grave, quizais é o máis grave que nos podía pasar, porque se diría entón que Galicia é un pobo, hoxe apurado por múltiples urxencias e por múltiples inxusticias, ó que non se lle está dando un norte cara ó que avanzar. Parece unha sociedade calificada dramaticamente por unha carencia de solucións e por unha carencia de causas polas que loitar. E iso, coincidindo co primeiro Goberno autonómico propiamente dito, o obxectivo esencial do cal definía moi ben o señor Presidente de Galicia hai dous anos: ¿como sacar a Galicia da súa posición pasiva? E remataba cunhas palabras moi bonitas: "Hai que recuperar desde a Autonomía o tempo perdido". Outra vez o tempo, ese tempo que xa a nosa xente empeza a dicir que estamos a perder.

Pois ben, neste contexto que é un contexto desgraciadamente real, porque eu non lle engadín ningún dramatismo que non teña de seu, nós pensamos que este debate de hoxe é unha ocasión única para afondar nas causas desta situación. E ó fío da intervención do señor Presidente, o noso Grupo pensa que a Autonomía, evidentemente, ten que ser un gran proxecto común para Galicia, capaz de defender e afirma-la súa identidade e levantala da súa prostración.

¿Claro que compartimos esas verbas; Pero esa empresa conleva unhas esixencias para nós moi claras sobre como ten que se-la gober nación de Galicia. E en primeiro lugar, e xa se dixo aquí repetidas veces, esa empresa ten que concretarse nun programa político definido. Un programa, polo tanto, non composto de meras intencións para o futuro, senón de propósitos certos, cunhas prioridades, cuantificado no económico, periodificado no tempo.

Esta programación abrangue,

certamente, ante todo, a actividade lexislativa que o Goberno quere realizar a través da súa iniciativa. E non é suficiente asumir na investidura o compromiso de que van ser aprobadas na lexislatura as leis que especificamente sinala o Estatuto. Esas leis, que se non recordo mal son sete, entre outras, a da Sede, a Lei Reguladora da Xunta, etc. Porque isto é elemental, pero, ademais, hai que lexislar sobre ese artigo 27 do Estatuto, que é o que revela o contido práctico da Autonomía, e que pode revela-la existencia dun programa de Goberno. E nisto pensamos que todas seguen a ser promesas.

Por outra parte, o calendario lexislativo debe obedecer a unha ordenación racional e lóxica, non a concretas motivacións singulares e illadas. E preciso un plan global e ordenado, evidentemente coa flexibilidade suficiente para afrontar situacións de urxencia, pero como un plan racional. E non é fácil, non é posible, non é doado poñer en práctica, por exemplo, unha Lei de Acción Intensiva nas Parroquias, antes da Lei de Parroquias; non se pode abordar eficazmente unha reforma integral das estruturas agrarias sobre base comarcal, sen a Lei de Comarcas; non se pode facer unha Lei do Solo, antes de ter aprobada a Ordenación Territorial de Galicia. ¿Por que? Porque, evidentemente, tódalas leis sectoriais teñen que ter un marco común de referencia, porque se non, disfunciónase todo o esquema, e prodúcense instrumentos normativos imperfectos ou mesmo ineficaces.

Esta ordenación racional e lóxica, temporalizada e asumida como compromiso polo Goberno, evitaría situacións absurdas e equívocas que se están a producir neste Parlamento, e que o Goberno está provocando. Facilitaríase que a oposición, coñecedora dos propósitos do Goberno, cumprise o seu auténtico papel de iniciativa, en principio excepcional, e de control nunca excepcional. E evitaríase tensiona-lo Parlamento innecesariamente, rexei-

tando proposicións de lei sen motivo, sen argumentos, provocando un pouco un xogo pouco serio dese "vulpinari cum vulpis" ó que xa nos estamos acostumando, e que non conduce a ningures.

Evitaríanse tamén outras prácticas que non son boas, como este traballa--lo Goberno a toda presa cando hai unha iniciativa da oposición, lexislativa ou non, para que no lapso inevitable en que esta iniciativa ten a súa presentación e publicación, poida respostar que ese tema xa o tiña previsto, e que de seguida vai saír no Diario Oficial a norma ou resolución correspondente. Porque esta non é unha actitude respetuosa do normal xogo parlamentario, e porque coloca á oposición nunha difícil situación: estar como facendo sempre experimentos de intención maiéutica, no seu circio sentido de estar alumando constantemente as ideas dos demais mediante incisos oportunos, do cal probablemente hai que louvarse, pero que non é normal.

Por outra parte, é unha obviedade tamén ter que dicir que as iniciativas lexislativas, gobernamentais ou non, teñen que vir precedidas e acompañadas da documentación necesaria para se pronunciar--lo Parlamento. Este estudio e reflexión é o que evita que ó mellor haxa que dicir que non a unha proposta do Goberno, boa no seu sentido último, pero con dúbidas de legalidade, ou, o que é peor, con dúbidas da súa conveniencia económica, aínda que no seu aspecto político se poida encontrar algo atractiva.

Esta mesma seriedade e este estudio previo impedirían tamén remitir ó Parlamento proxectos de lei en bruto, proxectos malos, se queremos fuxir dos eufemismos, que hai que emendar desde os Grupos motorizadamente, e facendo mesmo textos alternativos ou miríadas de emendas parciais, o cal vén se--lo mesmo proceso ó que, certamente, estamos sometidos, como aludía xa hai un momento o señor Pardo. Isto debe

evitarse sempre. ¿Por que? Porque se non pode darse a impresión --creo que falsa-- de que o que se busca é entrete--lo Parlamento, afastándoo da súa esencial función de control do Executivo. E iso non prestixia á Autonomía e ó seu funcionamento democrático.

Hai que evitar tamén enviar ó Parlamento proxectos que non innovan nada, que se limitan, por exemplo, a repetir unha Lei do Estado que está vixente en Galicia, ou a repeti--lo que di o noso Estatuto, remitindo a verdadeira normación do tema a un momento posterior, a unha lei posterior, nunha especie de fervenza normativa que non ten xustificación, como non sexa unha defensa formal, puramente formal, de dicir que xa se lexislou sobre esta cuestión, e que ninguén diga, polo tanto, que o Goberno non tomou a iniciativa.

Algo parecido cabe dicir da actuación governamental na orde puramente executiva, da acción directa do Goberno. Aquí o programa tamén ten que fixa--las prioridades entre os sectores, e dentro deles, e ten que facerse de forma moito máis precisa, moito máis vinculante do que é propio dun Discurso de Investidura. Desde logo, hai que procurar cumprir ese programa con seriedade. E digo seriedade no seu auténtico sentido, porque é evidente que non se poderá chegar a todo, e que se poderán discuti--las prioridades, pero polo menos terémo--las cousas ordenadas, en serie, dando a cada problema o seu rango e a súa dignidade.

Neste sentido é evidente que o problema máis urxente é o problema económico, e nós pensamos que a mellor maneira de afrontalo é desenvolvendo un marco de relacións económicas propio, que articule Galicia nesta orde, e que teña como base ese tan prometido Plan Galego de Desenvolvemento Económico, do que se segue a falar, pero que non se ve por parte ningunha, e sen o cal pensamos que non hai Goberno. Un Plan que é tanto máis necesario

canto que non se logrou ese obxectivo formulado na sesión de investidura, de conseguir do Goberno central un plan especial de inversións, con cargo ós Presupostos estatais, que axudase a paliar a grave e deficitaria situación de partida da Autonomía de Galicia.

Un Plan que, como dixeran, posibilite a integración, a visión global da economía galega, a súa maior integración e autodefensa, estableza mecanismos eficaces, dentro do que cabe, para loitar contra esa marca tremenda do paro, que en Galicia é porcentualmente moito máis grave no seu proceso de crecemento do que ocorre no resto do Estado. Un Plan, en fin, que trate de solventar as dificultades estruturais, que van converte-la nosa integración nas Comunidades Europeas probablemente nun trago amargo. Para que ninguén se engane, a integración española no Mercado Común non é unha cousa posible, é unha cousa certa, é unha cousa feita, e soamente certos escrúpulos non atlantistas están neste momento dando lugar a un xogo de tira e afrouxa, nunha decisión que está tomada xa por quen facticamente pode tomala.

E esta integración pode ter para Galicia unhas consecuencias funestas se non preparámo-la nosa economía. Pero preparándoa xustamente con base a este Plan global económico, que nos permitirá ademais participar nas axudas FEDER e nos fondos BEI, cousa que é absolutamente imposible se non se ten ese Plan que aínda está por chegar.

Nós pensamos tamén que a Autonomía é integrativa, tanto no aspecto administrativo coma no aspecto estrutural máis profundo. Polo tanto, dunha parte hai que asumilo que temos e que nos veu trasladado polo Estado, e hai que xestionalo ben. Non pode ser que os programas que antes eran estatais --e que mellor ou peor, quizais por unha inercia de sempre, se levaban a cabo-- agora, tralo traspaso, estean parados, e ninguén saiba se-

quera nas Delegacións Provinciais o que vai pasar, se se vai seguir facendo o mesmo que xa se facía desde o Estado ou outra cousa distinta ou nada de nada. Entre tanto están perdéndose en ocasións cartos, que van a outras Comunidades máis activas. Isto estase levando, señores do Goberno, cunha lentitude mineral, e non pode ser.

Ese carácter integrativo da Autonomía esixe tamén, de maneira prioritaria, articular tódalas entidades territoriais que funcionan na Comunidade Autónoma. Diciáo o señor Presidente, no seu Discurso de Investidura, e sen embargo isto non está feito, nin sequer comenzado. Non se fixo aínda coas Deputacións, a pesar dos mandatos do Estatuto, da Lei da Xunta, das propostas aprobadas neste Parlamento, e parece que agora o tema prométese abordar no futuro na próxima ou futura Lei de Réxime Local Galego.

E non se está tampouco cumprindo debidamente cos Concellos este sentido integrativo de Autonomía. As remesas estatais ós Concellos, que agora pasan pola Xunta, parálsanse nela, ás veces durante meses. Chegan máis tarde ca antes, cando viñan directamente do Estado. Isto é moi grave, porque favorece a calificación da Xunta non como un ente perecuador, senón como un intermediario molesto para a Administración local. Desde logo, é un feito que non propende á integración.

Esta articulación implica tamén favorecer un proceso de desconcentración e descentralización que integre no proxecto autonómico a tódalas entidades galegas, rexeitando por completo, para sempre, calquera idea dun novo centralismo e, polo tanto, fortalecendo así o sentido da Autonomía como empresa común. Todo isto para nós é absolutamente prioritario, porque é estrutural, porque é de base e ese artellamento non está feito.

Logrado isto, nós pensamos que consolidada esta estrutura e este mínimo funcionamento, hai que se-

quir dando pasos, porque a Autonomía é certamente moito máis. E desde logo responsabilidade cidadá, como dicía o señor Presidente de Galicia, pero é algo máis: todo este aparato institucional, todo este aparato administrativo, ten que recibir un contido xurídico e político novo, que esixe orixinalidade creadora, imaxinación, busca de fórmulas axeitadas a nós, propias, non miméticas, porque certamente un pobo que arremeda está condenado para sempre ó anacronismo.

Son bos os criterios de racionalidade, por exemplo, na organización da Administración autonómica. Non se pode montar esta a imaxe e semellanza da Administración central, nin aplicar sen máis criterios de racionalidade, coordinación e economía, que poden ser xenericamente bos. Pero, indubidablemente, a posta en marcha dunha Comunidade Autónoma pensamos que ten unhas esixencias propias, que obrigan a matiza--los criterios de pura economicidade.

¿Como en Galicia se pode suprimir unha Consellería de Pesca? ¿Por criterios estrictamente economicistas? ¿Como nunha Autonomía nacente se pode suprimir a Consellería de Cultura? Dixoo o señor Presidente no seu Discurso de Investidura, que a cultura é a raigame no pasado e é a proxección no futuro, unha das bases da identidade dos pobos que xustifica o seu autogoberno. E hoxe repetiu palabras moi parecidas.

¿Que sentido poden ter pois esa degradación orgánica da cultura e esa degradación orgánica da defensa do noso Patrimonio Histórico Artístico? ¿Como, en fin, se pode chegar a dicir publicamente que se os cartos de Cultura non chegan axiña, se devolverán as competencias de Galicia en materia de cultura? ¿Pero que sorte inaceptable de entendemento patrimonial das competencias de Galicia ten o responsable desta afirmación? O Goberno galego é custodio, é xestor vicarial da Autonomía galega; ten que defender por riba de todo tódalas súas competen-

cias. ¿Como se pode dicir que se van devolver? O que hai que facer --e ese é o compromiso que asumiu o Presidente de Galicia hai dous anos-- é non asumir ningunha competencia, e repito as súas palabras, sen ter antes asegurada a dotación presupostaria necesaria para levalo a efecto.

Tampouco é Autonomía dicir que se fixeron moitas ordes e ordenaron decretos, que son absolutamente necesarios para a administración de tódolos días, ou que se resolveron moitos expedientes, ou que o programa de Goberno ou das Consellerías está no Diario Oficial. Esa si que é unha viravolta semántica, pero neste caso non inxeniosa, e que recorda moito aquilo tan vello e tan odioso da absorción do país verdadeiro polo país legal. ¿Non é así; ¿Claro que hai que resolverlos problemas, e paga--las nóminas; ¿Pero a Autonomía ten que servir para moito máis; A nosa política educativa, industrial, cultural, deben ter alma propia, non que se traduzan simplemente en xestión mecánica no mellor dos casos, do que xa se viña facendo desde outras instancias. Iso é un sentido puramente instrumental da Autonomía.

A Autonomía --e xa remato-- pensamos que necesita dunha firme convicción para levala ata o fondo. A actitude que se tivo fronte á LOHAPA debe quedarnos xa no recordo como un mal pesadelo que non debe repetirse endexamais. Teño confianza, e confiamos en que así sexa, tras ese precedente positivo de recorrer ó Tribunal Constitucional contra o Decreto Lei da Reconversión Industrial. Que a defensa da dignidade de Galicia, dentro e fóra dela, estea por riba de todo, sen caer en estereotipos, humillantes ó mellor, porque os estereotipos son mitos, e desde logo non teñen nada por iso de inofensivos.

Hai que conecta--la Autonomía a sociedade galega; levar ó ánimo dos galegos a certidume de que as institucións autonómicas se están ocupando dos seus problemas reais, da

angustia das nosas xentes que están no paro ou que temen perde--lo seu traballo, do futuro incerto dos nosos pescadores, dos problemas do campo, e de que a Autonomía é o instrumento para conseguilo. Se non fose así, certamente a Autonomía sería como un barco á deriva, sen raigames sociais, sen futuro ningún.

Nós pensamos, señor Presidente, que esta é a gran tarefa, porque desde a Autonomía se pode planear unha vida galega de gran formato. E non por megalomanía, porque certamente somos pequenos, e somos pobres, pero xustamente por iso temos que medrar. A primeira Lexislatura, e o primeiro Goberno autonómico deberían ter como obxectivo fundamental o de facer uns cimentos anchos e profundos de abondo para facer posible no futuro esas grandes construcións. Iso require grandeza, amplitude de horizontes, non perderse nas cousas pequenas. E nós dubidamos de que isto se estea a facer así. Sen embargo, ese sería un gran balance, moito máis co cumprimento, máis ou menos fiel, ou máis có menos optimista ou pesimista dunhas promesas, ou a resolución máis ou menos afortunada duns poucos problemas. Hai que dar autoridade última ó todo, non á parte, e ilusionar a Galicia no seu porvir autonómico.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Señor Piñeiro, pode facer uso da palabra.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, señora e señores Deputados, no último debate que houbo nesta Cámara, recordaba un Deputado, --facendo unha lectura do Regulamento e tratando de xustifica--la ausencia do Conselleiro, creo que de Ordenación do Territorio-- que os discursos tiñan que pronunciarse de viva voz. E o feito que cando eu fun ponente do Regulamento pretendía tamén que esa viva voz se tivese en conta da forma que teñen prevista os ingleses, que non se dea

lectura a papeis, porque entón estaríamos ante a improvisación e a reacción do que ten que se--lo verdadeiro contido da dialéctica parlamentaria. Mais para salvar esta vez o principio da realidade, vanme permiti--las Súas Señorías que aínda lea algunhas cuartillas.

Houbo distintos plantexamentos ó longo do debate do que foi a exposición do Presidente da Xunta, do que foron as exposicións dos Grupos Parlamentarios, e creo que despois --na aplicación do Regulamento como vou ler, trámite de réplica-- poderemos facer puntualmente algunhas cuestións. Pero eu non rexeito --como fixo, creo que con brillantez, o señor González Mariñas, dentro doutro contexto naturalmente-- desliga--la miña intervención dese paradiso, que para el estaba perdido, que se chama Galicia, pero que eu creo que na medida na que aínda non se desenrolou, se podese facer.

O feito político do último ano para nós é transcendental. No esquema da miña intervención teño que partir dunha cuestión inicial previa, que foi o chamado "Pacto dos catorce", do que farei soamente unha alusión do que foi despois a remodelación como cuestión política transcendente, e do que é últimamente o plantexamento do aspecto económico, como integración e como actitude política. Creo que estes tres feitos non se poden desligar do que é verdadeiramente unha actitude, ou que é unha intención, ou que é un programa político.

A xustificación deste debate, para o noso Grupo Parlamentario, vén desá posición e nalgunha medida está imposta por un feito político no que interviñemos, creo que con gran transcendencia, catorce Deputados. Fomos catorce persoas que, chegado un momento, cremos que había que dotar ó Parlamento dunha maioría que fixese posible a gobernabilidade de Galicia. Non vou entrar no feito, porque tampouco ningunha das Súas Señorías plantexou o tema de se esa transmisión de gobernabilidade en Galicia despois

--porque ten evidentemente unha repercusión de ámbito político-- foi unha traducción positiva, na súa constitución, no que era a verdadeira representación, a través da constitución de Mesa das Comisións, ou o que é, a maioría, lograda parlamentariamente, con respecto ás Comisións e ós órganos rectores deste Parlamento. Nós fixemos este pacto sen que supuxese, dentro dos obxectivos ideolóxicos da resposta electoral, unha transformación da sociedade galega, completamente distinta á resposta maioritaria do noso pobo no ano 1981.

O pacto, dos catorce, entre cabaleiros, foi como dirían os ingleses, "a gentlemen's agreement". Non é necesario establecer dunha maneira específica unha reciprocidade das condicións das partes. Propiciabamos unha maioría parlamentaria, convimos unha adhesión, sen contraprestacións. Esa adhesión non consistía en asumir calquera responsabilidade específica dentro do Goberno.

A decisión do Excelentísimo señor Presidente da Xunta traducíuse no feito dun ofrecemento cara a unhas responsabilidades concretas dentro do Goberno. Dentro do proceso interno teño que suñar que os que levabamos a cabo esa operación política, non tivemos en ningún intre ningún tipo de inxerencias para determinar que persoas eran as que podían ocupar esas responsabilidades..

No respecto que toda opinión nos merece, asistimos na inmediatez desa remodelación a un proceso xa de definición política. Isto ten que afectarse. É un proceso de decisión política no que asumímo--la responsabilidade compartida dentro da colexialidade do Goberno a partir dese momento, e nós facémonos totalmente responsables. Non imos incidir nos calificativos que se anotaron á conduta do feito en si, porque tal vez na conclusión desta intervención as Súas Señorías teñan plena xustificación ós motivos, polo menos dalgún dos protagonistas,

e non ás razóns de quen quixo interpretar--la nosa propia vontade.

A intervención dos membros do Grupo dos catorce no Goberno supuxo un claro cambio político, debido, sobre todo, á iniciativa que propugnou o cambio, que neste momento califico como de cambio eficaz, transcendente e positivo, analizando o exercicio efectivo e real das competencias de cada unha das Consellerías. O tratar de ocultar--la transcendencia dese cambio sería como restar ó Excelentísimo señor Presidente da Xunta a súa habilidade política en propicialo, a verdadeira intención, a primeira crenza dun dirixismo político que tiña ben presente. Non recoñecer desde entón unha política no Goberno galego, sería algo así como negarlle a propia existencia do que aquí se fixo.

Pero debemos tamén suñar que, desde a nosa posición, o que entraña un programa, un concepto político é, naturalmente, desde a vertente oposta, o que pode ser ese programa ou ese concepto como contrapunto ideolóxico. Se a acusación ó Goberno galego é de non facer unha política que se identifique cos principios do Partido Socialista Obreiro Español, ou do Partido Comunista, ou mesmo de Esquerda Galega, é necesario resaltar que o debate da acción política se puidese converter en debate dunha actitude ideolóxica, e este non é o momento de inverte--los términos.

Eu invito á reflexión ás Súas Señorías, para que se especifiquen as accións concretas de Goberno cara a unha actitude concreta dos principios ideolóxicos que deban inspira--la gobernabilidade, porque iso é en definitiva gobernar. Pero, por favor, Señorías: non entremos en disquisicións de aplicacións de conceptos ideolóxicos desde a minoría, porque nesa dialéctica a min resultaría demasiado sinxelo rogar--lo agravo comparativo doutros sistemas dentro do noso Estado, nos que os exemplos son magnificadores da política contradictoria que aquí se quixese resaltar.

Neste sentido quero tamén facer unha matización. Quero dicir que nós non imos caer na dialéctica executoria, na tentación comparativa Goberno galego--Goberno central. Non lle vai valer ó meu Grupo Parlamentario, no sentido de ser fiel ó compromiso de contribuír e explicaa--la gobernabilidade en Galicia. Non obstante debemos facer unha advertencia e resaltala xa desde este intre. Como máis adiante direi, hai que entrar na valoración de construí--lo proceso autonómico. Aí a dialéctica Goberno central--Goberno galego non só é necesaria, senón que é imprescindible para saber ata onde se interfíren as competencias, funcións e servizos que fagan posible unha acción verdadeira de Goberno plenamente autonómico.

Para finalizar con esta parte da miña intervención quero manifestarlles ás Súas Señorías que non vou investi--las miñas verbas cunha verdade apodíctica con respecto a unha acción de Goberno irreprochable. Non recoñecer defectos ou erros sería pola miña parte unha estupidez. Pero hai un motivo esencial e principal na política e hai outro accesorio ou anecdótico, pasaxeiro. Parece que fixo mención o señor González Mariñas hai un momento a un deles. Eu considéroo accesorio. Entendo que non merece ser tido en conta nin como feito político, e menos se pode imputar con carácter de exclusividade ós membros da Xunta de Galicia con respecto a estas ou outras declaracións. Isto é anecdótico porque se as Súas Señorías queren un botón para mostra, aí teñen testemuños literarios que afectan á dignidade deste Parlamento, como D. Pedro Sancho, neste caso, e do señor Calviño, do que se adoita resaltar máis ultimamente a súa galeguidade cós seus propios acertos, porque me parece que non os ten.

Isto non é realmente o principal. Isto é o accesorio e o anecdótico, que non se xustifica, e que non debe ser tido en conta como feito político transcendente.

Pero é outro momento, o chamado da remodelación. A remodelación é un paso político que, desde a perspectiva do Grupo Independente, só se pode ver explicado pola análise que fixen anteriormente. "Capitis diminutio", xa que a reconversión afectou tamén ó grupo dos catorce, ó Grupo Independente --aínda que non lle afectou na medida que pode facelo, tristemente, á reconversión naval en Galicia-- non chegou a navegar, nin tampouco foi falta de carteira de pedidos, porque soamente se viu restrinxido con dous membros dos catorce que nun principio o compuxeran. Iso si, dentro do respecto á vontade de tódolos membros que inicialmente tiñan a decisión de poder acadar onde quixesen.

A partir destes momentos, o Grupo Parlamentario Independente ve con agrado o que é a remodelación, pero desde o aspecto positivo, porque non se trata tanto de destacalo feito --como dicía o señor González Mariñas-- da supresión desta Consellería, senón en función da política que se aplica concretamente ó tema da pesca, ó tema de Xusticia ou ó tema de Interior. Creo que facía referencia a estes dous aspectos na remodelación.

Trátase, por outra banda, penso eu, ademais, de que a supresión non está tanto na Consellería en si, senón na definición do que vai á propia Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación. E dicir, que non se desintegra o Ministerio, porque non desaparece, senón que hai unha clara referencia a que a Consellería ten integradas unhas competencias, que de feito pode exercitar.

Pero nós insistimos en que isto é un éxito tamén do señor Presidente da Xunta, porque implica unha clara decisión, unha clara visión dun realismo político.

Saben as Súas Señorías que quen practicou na vida santiaguesa o paso do Ecuador, con maior ou menor custo, moitas veces con grande dose de humor, e con engano estudiantil

necesario, era un momento esencial disfrutar dos meles dunha licenciatu-
tura que aínda non lle quedaba, ou
que estaba na metade do seu percorrido.
O esforzo final vía iso con gratitud-
e, como a aventura da via-
xe, como recordo. Pero o precio era
outro, era o triunfo, o que quere
dicir que o logro nunca pode ser
obxecto de crítica, cando aínda o
tempo xoga en favor do éxito --e
isto dígollo, señor Presidente--
porque outra cousa é que política-
mente alguén nesta Cámara non dese-
xe o éxito.

A eficacia non só pode e debe
ser unha liña de continuidade na
xestión política da Xunta a partir
destes momentos, senón que se tra-
duce nunha perspectiva a moi curto
prazo, no exercicio positivo dunha
política realista para a sociedade
galega. Iso é o que pensamos nós.
Naturalmente que non é a política
da oposición, pero é realista. Vai
ser obxectivamente reivindicativa,
porque o proceso autonómico, Seño-
rías, ou ben marca a transformación
do Estado, na forma constitu-
cionalmente prevista, ou constrinxe o de-
senrolo político de xeito que a no-
sa actividade se poida traducir no
mimetismo dun vieiro de descentra-
lización, do que é chamado tamén
"descentralización funcional", ou
se queren, mesmo por ultima--los
términos do Dereito Administrativo,
unha personificación de administra-
ción, máis ou menos territorializa-
da.

A construción do Estado das
Autonomías non é un feito que opere
"ipso iure"; non se dá sequera si-
multaneamente a súa proclamación
constitucional. O Estado Autonómico
non é tal sen as trasferencias
reais e efectivas. E non o é, non
soamente sen as transferencias
reais e efectivas, senón no tempo,
en canto non se complete de maneira
total o deslindamento, ás veces su-
xeito ó Tribunal Constitucional e ó
traspaso de competencias para crear
unha verdadeira autonomía. Este
traspaso, esta construción, é un
pinga a pinga continuo, non está
culminado, de momento mantén viva

unha esperanza do Estado autónomo
que, por imperativos dunha trans-
formación total do sistema da vida
política española a partir do ano
77, non podemos chegar a dicir que
pasase dunha maneira absoluta o pe-
rigo de que poida morrer lentamente.

Neste sentido, con temas tan
latentes como a reconstrucción na-
val, como a política educativa, co-
mo a estrutura económica, non se
pode enxuciar sen a debida análise
constitucional da integración das
Comunidades Autónomas na valoración
das bases --que fagan posible o de-
senrolo das súas competencias ex-
clusivas-- o que é un labor de Go-
berno. Neste sentido, está a facelo
o Goberno galego.

E necesario acata--las deci-
sións do Tribunal Constitucional.
Hai que mirar con sentido realista,
e poño un exemplo --o artigo 131 da
Constitución-- por cita--lo que es-
tá máis presente na iniciativa de
inconstitucionalidade que onte
exercitaba o Goberno galego, cara á
reconstrucción naval. Temos que co-
operar todos e integra--lo que é
unha concepción cooperadora e coor-
dinadora que non se afasta do con-
cepto, dentro do que é o contexto
da autonomía, dunha integración,
mesmo federalista.

Temos que facer unha chamada
distinta ó compromiso político de
cooperación, e tamén, dentro da
discrepancia, no respecto á ideolo-
xía, pero que vai dirixida a quen
comparten a mesma forma de socieda-
de para o pobo galego, e o Grupo
Independente tende, ademais, do
diálogo, á súa cooperación.

Tal vez, e con isto vou rema-
tar, non se chegue a entende--lo
papel que nós estamos a represen-
tar, e que quen quixo ver en nós un
arrendamento dos nosos servizos,
non analisou que a licitude da cau-
sa rendaticia é a causa de Galicia.
Quizais o precio para algúns dos
compoñentes, --porque así nós o
aceptamos-- non sexa o continuismo
ou servilismo aprioristicamente.
Tal vez algún dos doce membros do

Grupo Independente esteamos --parodiando o texto-- "Asinando no patíbulo", pero ben vale morrer en política, ó menos para este Portavoz, se esa morte vén en beneficio e chámase servir a Galicia desde a nosa propia e independente convicción.

Moitas gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Súspendese a Sesión, ata as catro e media da tarde.

Súspendese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

O señor PRESIDENTE: Continúa a Sesión.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia, pode facer uso da palabra o seu Portavoz, señor Díaz.

O señor DIAZ E DIAZ: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, despois de dous anos de constituído o Parlamento Galego, hai, no seo do mesmo, o primeiro debate de política xeral. Será no ecuador da Lexislatura, e por isto parécenos que é unha boa ocasión para facermos balance do que se fixo --se é que se fixo algo-- e do que resta por facer.

En consecuencia, nós imos aproveitar este debate para facer unha reflexión en voz alta da política xeral da Xunta de Galicia ata hoxe, e ímolo facer porque coidamos que é posible de que non teñamos outra oportunidade ata que remate a Lexislatura. Logo imos aproveita--lo tempo.

Comenzaremos por un tema que a nós nos preocupaba e que por isto

suscitamos un Pleno desta Cámara, que é o da remodelación da Xunta, da cal hoxe aquí a penas se falou, unicamente para xustificala por parte do Portavoz do Grupo Independente. Imos falar da remodelación, non en singular, senón das remodelacións, porque a Xunta tivo varias ata hoxe. Parécenos que hoxe se nos anuncia unha máis, que veremos despois se é certo ou non é certo.

Polo Decreto 1/82, do 22 de xaneiro, créase a primeira Xunta de Galicia, con once Consellerías, un Vicepresidente, non Conselleiro, e unha figura un tanto extraña, que é un Conselleiro Adxunto á Presidencia, para Cultura. A segunda reestructuración vén o 1º de xullo dese mesmo ano, polo cese do Conselleiro de Xusticia, funcións que son asumidas polo Vicepresidente naqueles momentos, que non era o señor Barreiro, precisamente.

Hai unha terceira remodelación o 30 de novembro, motivada polo proceso de transferencias que estaban asumíndose naquel momento. Para iso fai falla crea--la Consellería de Cultura. Hai aí unha pequena contradicción: as competencias fan crea--la Consellería de Cultura, e as competencias tamén fan devolve--la Consellería de Cultura. Non se entende ben o tema.

Despois, en xaneiro, cesa o Vicepresidente da Xunta, e o 7 de marzo hai unha nova reestructuración, que si ten importancia. Xustifícase "pola progresiva asunción de competencias, que pon en mans da Xunta uns recursos que é preciso planificar", e pásase a 13 Consellerías, con dúas Vicepresidencias, ámbalas dúas con dous Conselleiros: un para Asuntos Políticos e outro para Asuntos Económicos. Esta é unha remodelación importante, da que sae un compromiso, segundo o señor Presidente, de gobernabilidade, que terá a súa última forma na elaboración dun programa de Goberno para tres anos. Digamos para dous anos, pois hoxe díxosenos que nin para dous anos.

Este é un tema que nos segue preocupando, porque no debate anterior plantexabamos de que a ineficacia e as súas contradicións era por estar gobernando sen programa, por facer un pacto de persoas e non facer un pacto de programa. Atopámonos que ese arrollo que se daba no debate que plantexamos nós aquí, de reforma do Estatuto, se vai seguir dando, xa que seguimos sen falar de programa, seguimos sen ter ese programa pactado, como base para ese Goberno. Pero non é esta a última remodelación: hai outra, a sexta, que é do 15 de setembro, "en base ás melloras pouco a pouco operadas nas dotacións persoais en material da Administración galega, que fai que xa se rebaixe un número de Consellerías". Vaise a 9 Consellerías, incluídos dous Vicepresidentes Conselleiros. Ata esta remodelación íamos sempre subindo, porque había máis competencias. Agora baixamos a 9, non porque haxa máis competencias, senón porque "lle hai que dar operatividade".

Este é un tema importante, porque fálase ademais que con esta remodelación se aforra na orde de 100 millóns de pesetas. Recórdome que, no mes de xullo, no debate de presupostos, pedimos, pois máis ou menos, a cabeza de 4, 5 ou 6 --polo menos 4 dos que caeron-- Conselleiros, en función, non porque lle quixeramos mal, senón porque no Presuposto non se xustificaba a súa función. Naquel momento o Goberno en pleno dixo: "Non; isto é fundamental. A Autonomía non funciona sen estas Consellerías".

Dous meses máis tarde dáseno-la razón. Se se nos dese no mes de xullo aforrariamos algúns millóns máis. Pero, benvido sexa, aínda que sexa tarde.

De tódalas maneiras, esta remodelación, se a miramos a fondo, tampouco foi unha remodelación tan estricte. Non houbo unha redución tan importante do gasto. Se vémonas Consellerías que quedan, todas elas, ou case todas --mesmo aquelas que non asumiron novas funcións--,

sumaron Directores Xerais. Somos unha das Autonomías, penso eu, que ten maior número de Directores Xerais, e moitos deles sen unha xustificación clara, polo menos polo que se ve no traballo, a través do Diario Oficial de Galicia, pero que si se poden xustificar a través do Diario ou do traballo parlamentario. Pero nós tamén consideramos de que o bo Parlamentario, que os hai, non pode ser ó mesmo tempo Director Xeral. Ou é Director Xeral ou é Parlamentario, pero non pode ser un bo Parlamentario e un bo Director Xeral. Iso quere dicir que a Dirección Xeral que este señor está ocupando é unha Dirección Xeral sen contido, e para iso había que reconvertela; tiña que desaparecer. Penso que non é esta unicamente a que ten que desaparecer, senón que teñen que desaparecer outras Direccións Xerais, que tiñan que ser como máximo, normalmente, Xefaturas de Servicios. Isto con respecto ó tema da remodelación.

O señor Presidente quixera facerlle unha precisión. Quixo cubrirse das críticas dicindo: "Vanne criticar desde posicións ideolóxicas diferentes. Logo, señores, eu goberno así. Son de Alianza Popular. Vostedes gobernen doutra maneira".

Pero non, señor Presidente: nós ímolo criticar polo que se fixo e polo que se deixou de facer, exclusivamente desde unha óptica autonomista. Non lle imos pedir que fagan vostedes o noso programa, pero polo menos que fixesen un programa autonomista, aínda que fose este de de-reitas.

Falounos de que fixeran cousas, e eu dígolle ó señor Presidente que a función de gobernar é obriga do gobernante, e aí non hai disculpas. O señor Presidente dixo que fixeron cousas, e plantexou estas cousas no marco dunha loita contra a adversidade. Dígolles que nada do que fixeron é excepcional, que simplemente había que facelo, iso e moito máis. E non todo o que intentan capitalizar aquí, como obras realiza-

das, o fixeron vostedes. Moitos dos programas que se nomearon aquí eran programas xa do Goberno central.

Aquí houbo un debate nos Presupostos pasados, nos que se queixaban --e con razón-- de que as inversións do Fondo viñan todas condicionadas desde Madrid, e nós tivemos que calarnos. Pero é que agora collen precisamente esas inversións do Fondo --que plantexan vostedes que planificaron desde Madrid-- como feitos positivos. Deron aí os datos en Educación, deron os datos en Agricultura, deron os datos de obras todas do Fondo. Dicían que o Fondo era malo, porque viña de Madrid, pero resulta que agora é bo, á hora de dicir que ás obras lles poñemo--la bandeirilla nós. E unha pequena contradicción que espero que algún día se poida aclarar. Non esperamos hoxe, pero algún día será.

De tódalas maneiras, eu dixen que non iamos xulgar intencións, nin programas de dereitas, nin programas de esquerdas, senón que iamos xulga--lo que se fixo, a través de dúas labouras que son estrictas dun Executivo: a laboura executiva e a lexislativa.

No terreo executivo, o señor Presidente falou de que había moitos Boletíns, 180 e pico boletíns contra 135 boletíns. Señor Presidente, a cantidade non sempre é un indicativo claro da calidade. Vostede sabe ben que a Xunta cada día ten unha cantidade de erros tremebundos. En cada Boletín hai sempre un apartado, dous ou tres de corrección de erros. Os nomeamentos, por exemplo. Hai Boletíns que teñen nomeamentos e ceses, dentro dunha mesma Consellería. Vou poñer un exemplo, na de Sanidade: nun Boletín aparecen os ceses en Sanidade, e noutro os nomeamentos como Sanidade e Consumo. Paréceme normal, pero o que non se pode é argumentar que a cantidade xa significa acción de Goberno.

Se nós analisámo--los Boletíns, cunha gran imaxinación, ou cunha

gran xenerosidade, a cifra de decretos e ordes que conteñen é inferior á doutras Comunidades. Menos dun 10% ten relación coa concreción dunha política de Goberno. O resto son nomeamentos, ceses, erros, reestructuracións, concursos, etc. Isto non é máis ca un reflexo do que acontece nos Consellos da Xunta, que cada vez se fan máis dilatados, e dos cales sempre sae unha información moi difusa, e moi poucos acordos.

Por se isto fose moi xenérico, e puidese dicirse que se están soltando globos, podemos concretizalo a nivel dalgúns exemplos concretos. Para poñer un, témo--la Consellería de Presidencia. Traballo, digamos, a nivel Executivo. Hai un Decreto 8 do 83, sobre aplicación da Lei de Incompatibilidades na Administración Pública de Galicia (é a traducción dun decreto do Estado aplicado a Galicia). O seu obxecto é simplificar no posible os trámites establecidos na lei. O 172/ 82, do 15 de decembro, establece as normas básicas polas que se asegura o procedemento de concesión de misións institucionais e comerciais en ondas métricas ou modulación de frecuencias. Outro Decreto máis, do 6 de abril do 83, sobre Regulación da Función Pública da Xunta de Galicia, que non pasou por este Parlamento. O do 20 de xuño do 83, pola que se regula o horario de traballo en dependencias da Xunta. E isto é todo o que hai de regulación da actividade na Consellería da Presidencia.

Pero podemos coller outras Consellerías. Por certo señor Presidente, tería que aclararnos despois se hai unha nova remodelación. No guión que se entregou no Parlamento onte, ás dez e media da noite, figura un Programa de Xestión de Consellerías, e faltan, en concreto, Presidencia, Industria, Turismo e Traballo. ¿Estas van desaparecer mañá, é simplemente un erro de aquí, ou é que non había xestión? E un tema que me gustaría ver aclarado máis tarde.

En Ordenación do Territorio hai dous Decretos que teñen certa relevancia: un polo que se modifica a estrutura e mailas funcións do C.X.T. do 31 de marzo do 82; e outro, de decembro do 82, tamén referido ó tema do transporte.

En Traballo e Emigración --estou lendo exhaustivamente, non estou calándome cousas-- hai unha Orde, do 24 de maio do 83, na que se desenvolve un programa do Estado, de axudas públicas a diminuídos con cargo ó Fondo de Asistencia Social.

Hai outro máis do 14 de xuño, polo que se regulan as axudas a mantemento das organizacións dos drogadictos e alcohólicos.

Hai outro, do 6 de xuño de 1983, polo que se regula a creación con cargo ó crédito de asistente social, de bolsas novas a favor de minusválidos.

Por último, hai un de fomento de emprego, que hoxe dáse conta de que estamos rematando o ano. Leva un éxito estupendo, porque tiña 400 millóns de pesetas, van gastados 84 millóns e esperemos que non sigan gastando máis, porque eu dubido bastante da eficacia deses gastos.

Pero é que hai máis Consellerías, como por exemplo, Cultura. Cando era Consellería deixou de selo. Ten o Decreto sobre a Normatización da Lingua Galega. Iso é todo. Cando deixa de ser Cultura, e pasa a Educación e Cultura, hai unha orde do 18 de outubro, pola que se regulan as reunións de traballo para intercambio de experiencias docentes; outra polo que se crean os premios escolares da Xunta de Galicia; e outra pola que se crean os premios, Mestre Mateo, de Artes; Padre Sarmiento, de Investigación; Alvaro Cunqueiro, de literatura. E a última, polo que se crean bolsas de licenciados en paro.

En materia de Pesca. Todos dicimos que ten que haber unha Consellería de Pesca, porque Galicia é un país pesqueiro. Nos discursos do

Presidente sempre nos enchémo--la boca coa pesca. Señores, ¿como se xustifica unha Consellería de Pesca, que no ano 1982 ten un Decreto, do 5 de novembro, polo que se crea unha Comisión para a elaboración da Lei Marisqueira dos Cultivos Mariños? ¿Onde está, despois do 5 de outubro de 1982? Pasou máis dun ano, e non sabemos da Comisión, nin do proxecto de lei.

Hai outra orde moi importante, do 27 de abril de 1983, pola que se regulan as actividades pesqueiras de carácter recreativo, tema fundamental. Iso é a actividade a nivel de Executivo da Consellería de Pesca.

Non vou seguir, porque penso que vai haber unha segunda ronda, e haberá que deixar algo para a segunda parte.

Este é o traballo a nivel executivo, que se reflexa no Diario Oficial de Galicia, o traballo que vostedes fixeron de regulamentación da súa actividade como Conselleiros, como dirixentes deste país.

Pero se non hai laboura no Executivo podía pensarse que se estiveron adicando seriamente a facer un traballo lexislativo, porque para o traballo de executivo ás veces fan falla competencias, pero no traballo lexislativo as leis tamén se podían estar facendo, día a día, e non había por que agarda--las competencias. Cando mirámo--la lexislación que se elaborou nesta Cámara, temos que no primeiro ano se elaboraron tres leis: a Lei da Sede, a Lei de Presupostos e a Lei da Xunta e do seu Presidente. No 83 elaboranse 9 leis, e penso que se vai aprobar algunha máis, como pode se--la de Acción Intensiva en Párroquias. Pero de todas estas leis que hai aquí aprobadas, señores da Xunta, son feitas e pensadas ó chou. Non obedecen a unha planificación seria do que precisa a Autonomía. A única lei que hai que enraíza nos problemas que ten o país, é a de Normalización Lingüística. As outras podían entrar unhas agora

ou outras despois. Non hai un programa lexislativo onde se vexa que vostedes queren facer algo concreto con esta Comunidade. E suma de leis, unhas desconexionadas das outras.

En Agricultura ou en calquera materia as leis non obedecen a unha prioridade, a unha planificación. Obedecen a unha oportunidade: a que foi máis fácil facer. Aínda máis: as leis que se envían a esta Cámara son copia de copia. E señores, cando defendiámola Autonomía, cando lle falabamos ós nosos paisanos de que era unha solución diferente para este país, dicíamos que as leis de Madrid non valen para o Estado español, no seu conxunto, porque somos unha realidade plural. Pero cando collemos e facemos unha lei, esquecémola realidade plural e copiamos literalmente o que están facendo noutras Comunidades, ou o que se está facendo no Estado.

Señores: estámonos esquecendo desta realidade específica. Era mellor nalgún momento para--las leis e facelas para Galicia, pensadas en Galicia, non copiadas do Boletín Catalán, do Boletín Vasco, do Boletín do Estado, ou doutras leis doutros Estados federais, que non se corresponden con esta realidade: As nosas leis, miradas con detemento, fáltalles galeguización. E galeguización non é soamente un idioma. Fáltalles estar adaptadas a esta realidade. E vostedes, señores do Goberno, presentaron aquí bastantes proxectos, pero a estes proxectos faltáballe esa sensibilidade galega, que na Cámara ás veces se lles deu e outras non se lles deu. Iso é un problema serio. Pero a responsabilidade no terreo lexislativo téñena vostedes, porque tamén teñen o tema do veto das iniciativas dos outros.

Temos logo, pois, que non hai acción executiva, nin acción lexislativa. Isto antes, despois e durante as transferencias.

Vostede esta mañá falábame de problemas financeiros. Recoñezo que

os problemas financeiros son un gran "handicap". O señor Presidente enunciaba os problemas financeiros como a disculpa do futuro. Veladamente eu interpreteino así: "No pasado non gobernamos, porque non había competencias. A culpa é do Goberno Socialista. No futuro a culpa é da financiación, porque o Estatuto non se puido modificar".

Pero dígolles, e vostedes son conscientes, que o tema da financiación con ser importante non é obstáculo que impida ó Goberno gobernar. Non é o obstáculo cando nesta Comunidade, neste ano, dun presuposto mínimo, de libre disposición, hai excedentes monetarios. Van sobrar cartos para inversión. Non se darán gastado. Estámonos inventando xustificacións.

Antes falaba da Consellería de Traballo, dese fondo de emprego que non será gastado, a non ser que regalen os cartos. A Sección 21, por moitos premios que fagan, non será gastada. E outros programas, outros conceptos de intereses que están previstos, aí tampouco serán gastados, e van estar prorrogando o Presuposto ata que dean acabado con todo isto.

E se os problemas financeiros fosen un obstáculo grave, había posibilidades de emitir 1.000 millóns máis de débeda pública, que non se fixo; e non se fixo porque non hai capacidade para gastar. O problema non é da financiación, é que non hai capacidade para gastar.

O tema das transferencias, que vostedes non tocaron, recoñezo que é un tema conflictivo. Foi e será conflictivo, sexa calquera a Administración que estea en Galicia, sexa calquera a Administración que estea no Estado. E un tema de por si conflictivo. Pero a pesar do problema das transferencias que houbo cos cataláns, que houbo cos vascos, que houbo con andaluces, que houbo cos galegos, ninguén pode dicir que non hai unha política vasca, ninguén pode dicir que non hai unha política catalana; nin-

quén, mesmo, pode dicir que non hai unha política andaluza. ¿Pódese dicir firmemente que hai unha política galega?

Señor Presidente, eu non sei se estou abusando da súa benevolencia, pero é que estou na metade do camiño.

O señor PRESIDENTE: Quédanlle tres minutos, señor Deputado.

O señor DIAZ E DIAZ: Tres minutos, señor Presidente, gracias.

Quixera rematar con dúas ou tres cousas.

A Autonomía de Galicia concitou no pobo grandes esperanzas. Esmagar esas esperanzas é unha grave responsabilidade. Teñen vostedes tempo de emenda, pero teñen que emendala plana de lado a lado, e voulles dicir a vostedes por que.

Aquí hai dúas cousas que ata agora non se enfrentaron con elas. Cando colleron o Goberno había crise económica en Galicia. Recórdense da reconversión, cando fala o señor Pedro Sancho de que se pode pechar ASTANO. Pero é que aquí hai que reconverte--la agricultura, hai que reconverte--la pesca, hai que reconverte--la industria e hai que reconverter e reconstruí--lo país. Iso tiña que estar estudiado e non se pode improvisar, facendo un Libro Branco, e dicir: "Vou negociar co Goberno Central".

Nós estamos de acordo de que a Xunta de Galicia debe participar neses plans, pero debe participar en base a proxectos serios e elaborados e non se pode improvisar e dicir: "Quero participar". ¿Por que? ¿Porque somos de Galicia e porque está no Estatuto? ¿Pero señores; Para participar seriamente hai que ofrecer alternativas e esas non se improvisan. E non se me cubran, porque hai algún que leva menos dun ano de Goberno. O Goberno leva dous anos, puido facer esas

cousas. E se non se fixo, aquí hai uns responsables.

Tamén está o tema da crise. Dise: "E que a crise non é un tema noso". Claro que a crise non é un tema noso. A crise haina que resolver entre todos, pero en Galicia podía facer algo de política contra a crise, e non se fixo nada. A pequena e mediana empresa está indose ó tacho neste país, cando mesmo se consignaron no Presuposto partidas que ían a iso, e quedaron infrutilizadas. Os avais, o ano pasado, non os utilizaron, e este ano regúlanse o 10 de novembro, porque non funcionaban, porque estaban mal regulados. As subvencións de tipos de interés, é un tema que tampouco funcionou, e a concertación social, base para enfrentarse con este problema, tampouco funcionou.

Por outra parte, nos temas de calidade de vida, ¿onde está a Lei de Servicios Sociais? ¿Onde está, por exemplo a nivel de ensino esa galeguización do ensino que non é soamente o idioma? ¿Como adaptamos ó ensino a nosa realidade? ¿Onde están os plans de estradas? ¿Onde está un plan de rehabilitación da vivenda galega? ¿Onde están as comunicacións que este país precisa? ¿Por que se distribúe un Fondo de Compensación en obras puntuais e non se distribúe ese fondo de compensación con base a un plan xeral, pensado para este país, como algo integral, como algo cunha vida e cunha economía propia, e nos deixamos de seguir parcheando?

Señores: a Administración hai que estruturala. Non se pode dicir, señor Presidente, que a Administración está concluída, está sen estruturar. Teñen un aparato central, pero ese aparato central hai-no que cribar e hai que monta--la administración periférica. E non se pode montar xa, e estamos facendo leis sobre bases provinciais. Hai que ir dunha vez á comarcalización. Se non montamos unha Administración descentralizada estaremos enganando ó noso pobo, ó que lle prometemos unha Administración ó servizo do

pobo e máis preto do pobo. Estámoslle repetindo o esquema da Administración Central. Non é soamente eficacia o que hai que pedir, senón tamén transparencia e comprensión para eses problemas, e achegarnos ós problemas que ten o país.

E como terei tempo para unha réplica, deixo aquí a cuestión, e pido disculpas ás Súas Señorías polo tono empregado. Téñolles que dicir na miña disculpa de que hoxe é un dos días en que me atopo máis deprimido. Viña deprimido a esta Cámara, porque desde a miña óptica podía haber solucións para este país. O que na rúa non se comprende o que se estaba facendo aquí, podía tamén xustificalo en función dos medios de comunicación. Pero os problemas non son dos medios de comunicación. Señores, o problema apalpable está no que non se fixo, e non se ven perspectivas de futuro.

Señores: teñen dous anos para emenda--la plana.; Polo país: fágano;

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rajoy.

O señor RAJOY BREY: Señor Presidente, señoras y señores Diputados, como aquí se ha dicho ya, en reiteradas ocasiones, falta poco tiempo, apenas un mes largo, para que se cumplan dos años desde la fecha en que Alianza Popular asumió la ardua labor de gobernar Galicia. Dos años, desde el 21 de enero de 1982.

Pues bien, ha llegado el momento de hacer un balance global en el Parlamento de estos dos años de gestión, y yo muy gustoso, como es natural y como es mi obligación, asumo esta tarea en nombre de mi Grupo Parlamentario, Alianza Popular.

Creo que a la hora de emitir un juicio sobre la bondad o no de una determinada acción de Gobierno hay que precisar, en primer lugar, qué es lo que con arreglo a las cir-

cunstancias, y sobre todo al sentido común --tema este ciertamente opinable--, se le puede exigir a este Gobierno. Aquí se ha hablado de remodelaciones, de errores en el Boletín. Creo que no es ese el tema. Errores en Boletines Oficiales ha habido muchos. Yo tengo aquí errores en el Boletín Oficial del Estado en los traspasos de competencias de carreteras, en abril del 83, en octubre del 83; en viviendas rurales, en diciembre del 83; en Turismo, en noviembre del 83.

Errores en los Boletines hemos tenido cuando se expropió Rumasa, donde por equivocación se expropiaron una serie de empresas, y al día siguiente hubo unas correcciones. Creo que son errores más importantes, y no es evidentemente ese el tema.

El tema es establecer qué puede hacer el Gobierno en unas circunstancias concretas y determinadas y qué se le puede exigir al Gobierno.

Hace un año largo, como todos ustedes recuerdan, se celebraron en España unas elecciones legislativas, en las cuales el Partido que luego sería ganador se fijaba unos objetivos determinados, objetivos que ese Partido creía que podía lograr a la vista de la situación de la Nación. Se hablaba de una rebaja en la inflación, de un 12 o un 14 a un 6 o un 8%, no de liquidarla, como es natural. Se hablaba de crear 800.000 puestos de trabajo, aunque eran 2 los millones de parados; etc., etc.

Evidentemente, los ciudadanos juzgarán a ese Partido y su gestión, teniendo en cuenta esos objetivos y las circunstancias en que el país se encuentra.

Pues bien, a la vista de las intervenciones que por los Portavoces de los Grupos Parlamentarios aquí se han producido, tengo la impresión de que por parte de la oposición se ha hecho un planteamiento equivocado. Repito: un planteamiento equivocado del debate, y en oca-

siones, y lo que es más grave, demagógico. En algunas ocasiones ha ocurrido a nivel de calle, en donde Grupos manipulados por Partidos Políticos exigen de la Xunta soluciones a problemas que saben positivamente que no le competen, y que en las circunstancias actuales no pueden abordar.

Y es que, señores Diputados, presupuesto indispensable para juzgar una acción de Gobierno --sin el cual toda crítica o alabanza queda descalificada y pierde credibilidad-- es precisar las circunstancias en que dicho Gobierno se mueve. Evidentemente, para juzgar la rebaja del paro o de la inflación de ese Gobierno Socialista, hay que atender a esas circunstancias y hay que atender a los objetivos marcados.

Creo, y así lo ha dicho el señor Presidente Fernández Albor en su discurso, que éste no es un Gobierno como el que hay en Madrid, y perdonen que sea tan elemental en mi exposición. Cuando el Partido Socialista Obrero Español asumió en diciembre de 1982 la responsabilidad que comporta la gestión de los asuntos públicos de toda la Nación, disponía, desde luego, de una sede física. Creo que todos los aquí presentes sabemos, y sabíamos, donde estaba el Ministerio de Administración Territorial: en la Castellana. Todos sabíamos que la Presidencia se hallaba en la Moncloa, etc., etc.

Disponía igualmente de una estructura administrativa, en los Ministerios, en las Delegaciones Territoriales, en las Delegaciones Provinciales. Disponía igualmente de unas competencias: prácticamente las que tiene cualquier Gobierno, con algunas excepciones y algunas transferencias a Comunidades Autónomas. Y disponía, ¿como no?, de unos recursos para ejercer esas competencias y, en consecuencia, resolver los problemas nacionales y mejorar el nivel de vida de los ciudadanos: los Presupuestos Generales del Estado.

Y a este Gobierno hay que juzgarle con arreglo a esa situación. Hay que ver cómo ha ejercitado esas competencias y, en consecuencia, cómo ha abordado la solución a los problemas nacionales.

Pero, señores Diputados, al Gobierno de Galicia no se le puede tratar con los mismos criterios, ni medir con iguales baremos, porque --y esto pienso que es claro-- otras son las circunstancias.

Sede física, no había. El Ministro de Administración Territorial, como antes apunté, cuando fue nombrado sabía donde tenía que ir, pero no así los Conselleiros de la Xunta en enero del año 82.

Estructura administrativa, tampoco. Competencias, ¿pueden decirme, señores Diputados, qué competencias tenía la Xunta de Galicia en enero de 1982? ¿Y recursos? ¿Para qué hablar de los recursos de la Comunidad Autónoma?

Por consiguiente, señores Diputados, mientras que a nuestro Gobierno nacional hay que pedirle que responda cómo ha llevado a cabo una acción de Gobierno en unas circunstancias normales, a la Xunta hay que preguntarle qué ha hecho para construir el Estado Autonómico en la parcela que le corresponde, que es Galicia, y la labor de Gobierno realizada de acuerdo con sus competencias y, sobre todo, de acuerdo con su autonomía financiera; presupuesto este último capital, y sin el cual no hay acción de Gobierno que juzgar, sino acaso una simple gestión. Lo demás son --y permítanme señores Diputados-- falacias, demagogias y juegos malabares.

Y, señores Diputados --y principalmente señores de la oposición Socialista-- la demagogia en la oposición, y ahora que ustedes mandan lo saben, se paga; y pedirle responsabilidades a la Xunta por la reconversión industrial, o por la carretera de Pontevedra a Santiago, que alguien mencionó aquí esta mañana, y utilizar a las centrales

sindicales presionando por la calle, es demagogia que sólo sirve para engañar a la gente, para desprestigiar el sistema autonómico, y para, a la larga, hacer que el ciudadano pierda la poca credibilidad que ya tiene en la clase política.

Y no se olviden ustedes de cuando ustedes eran oposición, de cuando hablaban de la OTAN, de la televisión privada, del terrorismo: antes hablaban de una forma, y ahora en el Gobierno hablan de otra distinta.

Y dicho esto --que pienso que no es prólogo ni preámbulo, sino parte básica de mi discurso-- vamos a ver qué ha hecho la Xunta de Galicia desde la óptica del Grupo Parlamentario de Alianza Popular, por supuesto, que es a quien aquí yo represento. ¿Qué ha hecho para crear o contribuir a crear el Estado Autonómico que, repito, es donde hay que demandarle responsabilidades a la Xunta de Galicia, aunque luego hablaré también, faltaría más, de su acción de Gobierno?

Pues, bien, decía antes que en enero de 1982 no había sede física, ni estructura administrativa, ni competencias, ni, naturalmente, recursos. En el primer año de Gobierno, en mayo de 1982, la Xunta abordó el problema capital que plantea la ausencia de sede de las instituciones autonómicas, el de su ubicación. Como todos ustedes conocen, en junio del pasado año se aprobó la Ley de Sede de las Instituciones Autonómicas con la que se resolvió --y no entro en juicio de valor-- un problema que nunca nadie en este país se había atrevido a abordar. Y a partir de la aprobación de la Ley, las diversas Consellerías fueron poco a poco ubicándose --ciertamente, el ritmo es discutible-- y el problema de las sedes entró en vía de solución. De 1.000 m² en 1982 se ha pasado a 13.000 m² en 1983, como ha apuntado esta mañana el Presidente de la Xunta, y próximamente en el edificio de San Cayetano, a 25.000 m², con lo que se resolverá de forma definitiva el

problema.

En cuanto a la estructura administrativa, otro tanto podemos decir. Creo que la situación de enero de 1981 y la actual de diciembre de 1983 es radicalmente diferente, y máxime tras la última remodelación. Por cierto, quiero aquí apuntar que muchas más Direcciones Generales existen en Cataluña, el País Vasco, y desde luego en Andalucía.

¿Y qué decir del tema básico de estos dos primeros años, que es el tema de las competencias y de los servicios y recursos para hacerle frente?

Como todos ustedes recuerdan, en enero de 1982 se habían publicado 4 Reales Decretos de transferencias de servicios. La Comunidad Autónoma en aquel momento disponía de unas mínimas competencias y sólo por ellas se le podían demandar responsabilidades por este Parlamento y, en general, por todos los ciudadanos. Y por si ello fuera poco, los servicios necesarios para el buen ejercicio de esas competencias --y ya hemos tenido en el Parlamento algún debate sobre este tema-- habían sido mal valorados, porque no comprendían ni los costes centrales ni los costes de inversión de reposición. Creo que es fácilmente entendible, por todos los aquí presentes, que el servicio que con anterioridad se prestaba desde la Administración central de una manera "X", necesariamente había de prestarse peor. Y ello es evidente que implica un desgaste, ¿y vaya si implica un desgaste; Pero esto no se ha dicho antes, y hay que precisarlo aquí.

Ahora bien, como es natural, no se trata aquí simplemente en este debate de decir: "Es que no podíamos; es que vamos a justificar o no". Hay que preguntarse aquí qué hizo la Xunta de Galicia para remediar esta situación, porque, evidentemente, lo que hay que juzgar aquí son las acciones o, naturalmente, las omisiones.

Pues bien, como no dudo, todos ustedes recordarán el 19 de febrero de 1982, un mes escaso después de la toma de posesión de la Xunta, se constituyó la Comisión Mixta de Transferencias de servicios --Estado--Comunidad Autónoma-- en la que por una parte, y en primer lugar, se solicitó se procediese a una valoración de los servicios transferidos en la Preautonomía y, por otra parte, en segundo lugar, la Xunta demandó, y así se hizo, la fijación de un calendario para que, en el lapso de tiempo más breve posible, fuesen transferidos a Galicia los servicios y los recursos necesarios para ejercer las competencias estatutarias. Y lo que a partir de entonces sucedió pienso que todos ustedes lo conocen.

Las valoraciones de las transferencias de las preautonomías, ¿cuándo se produjeron? Por las razones que sean, y las responsabilidades de quien fueran, evidentemente no son de la Xunta de Galicia. Eso, como todos ustedes habrán de convenir conmigo, supone un perjuicio no sólo para el ciudadano, que es lo más importante, sino que, de rebote, un perjuicio político para la Xunta. Y las nuevas transferencias, ya con el Gobierno Socialista, se fueron realizando mal que bien, y con muchas deficiencias.

No voy a detallar aquí, para evitar una exposición demasiado faragosa, todo el proceso, pero sí quisiera apuntar algunos datos.

En julio del 82 se reunió la Comisión Mixta, y hubo efectivamente acuerdo para traspasar servicios, no todos los que marcaba el calendario, evidentemente. Pero los Decretos se publicaron meses después y, además, las valoraciones que contenían eran incompletas. Lo mismo sucedió, o peor, con las competencias del 1 de enero de 1983.

Yo pregunto, señores Diputados, ¿se puede juzgar de igual forma --y no olvidemos que hay quien dice que aún es pronto para juzgar un año de Gobierno socialista-- a un Gobierno

que tiene cuando toma posesión unas competencias concretas, unos servicios y unos recursos, que a otro que va recibiendo servicios poco a poco, en enero, en abril, en mayo, en junio, en agosto, es decir, cuando se publican los Decretos? Téngase en cuenta que muchas veces son unos servicios mal valorados, y por si ello fuera poco recibe asimismo con cuentagotas los recursos, por una deficiente valoración de los costes.

Y pregunto, ¿es cierto como aquí se ha dicho que la Xunta lleva dos años en el Gobierno de Galicia? Evidentemente es así, pero creo que la respuesta, cuanto menos, es matizable. En algunas materias tendría competencias desde hace dos años, eso sí, solamente en las pocas de la Preautonomía, pero no valoraciones definitivas, y no recursos.

¿Es que acaso --y voy a poner algunos ejemplos-- desconocen ustedes que, por ejemplo, la Delegación de Educación de Pontevedra, y hablo de ella porque es la ciudad en que vivo, durante ocho meses no dispuso de recursos ni siquiera para colocar cristales? ¿Podemos olvidar la falta de recursos para pagar a los funcionarios, que motivó la petición de un crédito? ¿O podemos olvidar que en la Consellería de Agricultura se han resuelto expedientes por valor de 2.000 millones y todavía no han sido transferidos esos recursos? ¿O podemos olvidar que el dinero del Fondo de Compensación del año 1983 llegó en setiembre?, etc., etc. Y en otras materias, señores Diputados, las competencias todavía no han llegado; y, evidentemente, esto provoca desgaste.

Y, señores Diputados, ¿no es demagogia decir que no se hace nada, ni se gobierna, ni se tiene programa? Yo nunca jamás he asistido a ningún debate de este tipo. A mí me lo van a decir el miércoles en otra institución. Ya lo sé antes de ir allí. Me van a decir: "Usted no tiene programa".

¿No es eso demagogia? Y pregunto más, ¿no es demagogia el hacerlo cuando los responsables de las transferencias, de la falta de servicios y de la falta de recursos son los mismos, no las mismas personas, evidentemente, pero sí personas del mismo Partido que aquí critican?

Pues bien, señores Diputados, yo creo que la Xunta de Galicia en menos de dos años --porque ha tenido que recoger muchas transferencias, porque Madrid está en la posición de lo tomas o lo dejas; y no quiero hacer aquí demagogias-- ha logrado importantísimos avances en el tema de las competencias, los servicios y los recursos, y comparen las fechas de enero del 82 y diciembre del 83.

Y una vez que hemos hablado de los locales, de las sedes, de las estructuras administrativas, de las competencias, que creo que es cuando hay que exigirle y pedirle responsabilidad a la Xunta de Galicia, que es su función básica, como la de todas las Autonomías en estos dos primeros años, vamos a hablar de la labor de Gobierno. Y cuando empleo el término "labor de gobierno" me estoy refiriendo a la labor que hace cualquier Gobierno en cualquier país, y partiendo de unas bases, las mínimas, los locales, las estructuras administrativas, las competencias, los servicios y los recursos.

Pues bien, señores Diputados, yo entiendo que aún es pronto para emitir un juicio definitivo así como no es pronto para emitir un juicio definitivo sobre la construcción del Estado Autonómico, sí lo es para juzgar una labor de gobierno.

Y ello es así por dos razones. En primer lugar, por lo que antes apuntaba respecto del proceso de transferencias. Con unas transferencias en marzo, otras en junio, otras en julio, ¿qué labor programada, qué labor de Gobierno se puede hacer? ¿Qué puede hacer el Con-

selleiro de Educación y Ciencia, que recibe las competencias de Transporte Escolar en el mes de septiembre? ¿Qué puede hacer el Conselleiro, que recibe el IRYDA sin funcionarios? ¿Qué puede hacer el que recibe las transferencias de deportes, sin un duro? ¿Qué puede hacer cuando le traspasen al Conselleiro de Sanidad el INSALUD? ¿Saldrá al día siguiente la UGT diciéndole que la Xunta es incompetente y no arregla la Sanidad gallega?

Señores Diputados, de todo esto no es precisamente culpable la Xunta de Galicia, y se lo digo especialmente a ustedes, señores del Partido Socialista.

Pero hay una segunda razón que creo que no ha sido bien ponderada aquí, y es que donde realmente se conoce a un gobernante, donde hay que emitir un juicio sobre su labor de Gobierno, es en el momento de elaborar sus Presupuestos, en el momento de distribuir sus recursos. Y yo pregunto, señores Diputados, ¿qué autonomía financiera tiene en este momento la Xunta de Galicia? ¿Con qué margen de Gobierno cuenta el Gobierno? Hasta el momento, y según mis noticias, y según mis datos, es Madrid quien determina a qué gastos se destinan los recursos, por lo menos en su gran mayoría. Porque, señores Socialistas, ¿dónde está la Ley de Cesión de Tributos? ¿Dónde está la Ley fijando el porcentaje de participación en los ingresos generales del Estado? ¿Cuándo el Fondo va a ser lo que dice la legislación vigente?

Es evidente que hasta que ustedes no cumplan la legislación vigente --simplemente eso: hasta que ustedes no cumplan la legislación vigente-- no hay autonomía financiera, y sin autonomía financiera me parece que es, cuanto menos, arriesgada y, desde luego, injusta la crítica. No obstante ello, se ha hecho una importante labor de Gobierno, con sus errores, ciertamente, y con sus aciertos, aunque haya quien, naturalmente, no quiera ver nada positivo en esta cuestión.

No seré yo quien entre aquí en el análisis de toda la actividad, pero creo que se ha hecho una importante labor legislativa a la hora de desarrollar el Estatuto. Se ha hecho una labor importante, y no voy evidentemente a dar aquí toda la relación de las leyes que se han presentado y que se han aprobado en el Parlamento. Pero creo que es evidente esa labor que por una parte desarrolla el Estatuto, y que por otra parte aborda problemas concretos. No sé qué ha dicho el señor Díaz, de repetición de leyes. Aquí se han presentado muchas leyes adecuadas a la realidad gallega: la Ley de la Sede, la Ley Reguladora de la Xunta y de su Presidente, la Ley de Normalización Lingüística, la Ley de Limitación de Propiedad en las Carreteras no Estatales, la de Reconocimiento de la Galleguidad, Fundaciones de Interés Gallego, Ley del Consello de la Cultura Gallega, etc., etc.

Y ya, señores Diputados, no les voy a cansar más, pero sí quisiera resumir las líneas generales de mi intervención. Creo que hay personas y Grupos --a otros tengo que confesar que no les he entendido ni una palabra de lo que aquí han dicho--, pero creo que hay personas y Grupos que han errado a la hora de juzgar una labor de dos años. Lo que hay que preguntarle a la Xunta, como antes apunté, es, ¿qué han hecho para construir? Subrayo la palabra construir, que significa hacer donde antes no había absolutamente nada. ¡Fíjense bien, señores Diputados; ¿Qué han hecho para construir la Autonomía de Galicia? Y, por otra parte, hay que preguntarle, ¿qué labor de Gobierno han llevado a término dentro, naturalmente, de las posibilidades que había?

Pues bien: para mi Grupo Parlamentario, Alianza Popular, la primera labor, la básica --no me cansaré de repetirlo--, la de contribuir a crear el Estado Autonómico en Galicia, creo que es positiva. Hay sedes, hay locales, hay estructura administrativa, y hay, a pesar de ustedes, competencias, servicios

y recursos. En cuanto a lo que es "strictu sensu" labor de Gobierno, todo es ciertamente discutible, pero creo que cuanto menos, y teniendo en cuenta los condicionamientos que antes he apuntado, la recepción de transferencias por diversos meses, con unos servicios incompletos, y con unas valoraciones siempre a la baja, y teniendo en cuenta la falta de autonomía financiera, es como mínimo de esperanza.

Y, señores Diputados, es grave que algunos de ustedes no entiendan que éste es un proceso difícil. Hay mucha gente, evidentemente, que no lo entiende así. El otro día al oír las preguntas que se le hacían en el programa "Españoles" al Presidente de la Xunta, así lo entendí. Pero creo que es más grave aún el que conociendo esta dificultad, esta situación excepcional, se haga demagogia.

Señores Diputados, todas las Autonomías pasan por estas dificultades. Una, dos, hay que decirlo así, se sostienen porque, evidentemente, había fe en ellas. La gente las quería y las exigía. Otras, creo que hay que decirlo así, tenemos que defenderlas y prestigiarlas, sin demagogias --que para demagogias ya está la calle--, los que hemos contribuido a traerlas. ¡Que quede claro;

Nada más.

O señor PRESIDENTE: Correspóndelle agora á Xunta face--la súa intervención, para dar resposta ás intervencións.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fernández Albor): Señor Presidente, Señorías, en primeiro lugar, escoitando ó Portavoz do Partido Socialista, quero dicirlle que comprendo iso dos 10 millóns de votos, pola boa propaganda electoral que fai, e polas cousas tan ben ditas que expresa, pero que non se axustan á verdade histórica.

Voume referir, e non o pensaba dicir nunca, pero vouno dicir agora, xa que con ese estilo tan aparatoso vénnos falar como se el só quixese a Galicia, e como se el só estivese pensando na Autonomía de Galicia.

O Partido Socialista de Galicia non quixo nunca colaborar no desenrolo da Autonomía, no senso de que non ofreceu a súa colaboración para formar esta Autonomía.

No intre en que comenzamos esta travesía do deserto, de todos era coñecido que eramos 26 Deputados nun Parlamento que quería facer vale--los seus dereitos, pero todos sabiamos que era moi difícil construír unha Autonomía cun Goberno centralista. E agora non ataco a ningún Goberno, senón que ataco e ataquei sempre ó centralismo. Porque cambiar un país é moi difícil, e xa o dixo o señor Rajoy. Cambiar un país é moi difícil, mesmo cando se recibe todo, cando se ten unha Administración, cando se teñen cartos, cando se ten poder, cando se teñen sindicatos, cando se ten un Partido con 10 millóns de votos. Pero construír un país con 26 Deputados fronte a 45, que van esixir e que non axudan --que a verdade é que non axudan--, que poñen dificultades, cando non se ten un real, cando non se ten un sitio onde se sentar, cando este Parlamento non tiña nin onde estar, iso é facer demagogia barata. E nós non tiñamos onde estar cando foi aprobado o Estatuto de Galicia. Afortunadamente, deixáronnos, o señor Arzobispo, ou quen fose, un sitio para nos sentar. E aquí nos deixou a Universidade un sitio para traballar. E encontrabámonos sen un céntimo, con dificultades, arrincando peseta a peseta, a unha Administración Central que nin quería dicir onde estaban os funcionarios, nin onde estaban os cartos. E isto dígoo do Goberno anterior e do Goberno actual, que non colabora realmente para o desenrolo de Galicia. E eu teño que engadir aquí cousas moi graves neste senso.

Acusáseme de non sei cantas cousas, pero ningún me vai acusar de ter máis amor a Galicia ca min. Terán tanto, terán o mesmo, pero nin máis credibilidade democrática, nin máis credibilidade de amor a esta terra, nin máis anceios de loitar por ela. E eu digo, señores, que encontrei sempre outra cousa: fálase do Estatuto e fálase de que non hai ilusión. Eu sempre falei ben do Parlamento, falei ben de tódolos políticos, pero endexamais escoitei unha palabra, ;endexamais;, unha palabra de amor para os que estamos traballando, nin unha palabra de respecto á nosa dedicación.

E convén que non se faga tanto electoralismo, que parece que estamos nas primarias de New Hampshire. Aínda non empezou a loita electoral. Aínda falta un ano e medio, e daquela poderemos facer tódalas loitas electorais que queiramos, pero por agora estamos a construír un Estatuto, estamos a construír un país e estamos a construír unha Autonomía. E nós pedímo--lo respecto que cómpre para que se colabore nesta construción. E do mesmo xeito que nós falamos ben do Parlamento e de tódolos que traballan en Galicia pola Autonomía, pedimos ese mesmo respecto para nós e para todo o traballo que estamos facendo por Galicia, pola Autonomía, pola democracia e pola liberdade, non soamente en Galicia, senón en Galicia e en España.

Criticouseme moitas veces de estar por todas partes. ¿E que podía ofrecer eu, se non era da--la man ó noso pobo? ¿Que podía facer eu se non facerme o mensaxeiro de paz, de progreso e de liberdade, e dicir que o Estatuto é bo, dicir que a Autonomía é boa, pero que non podíamos dar nada? Eu espero que o ano que vén, con certas condicións económicas, poida xa, que o noso pobo vexa realidades; que poidamos xa facer un labor eficaz e constructivo para que a xente comprenda que a Autonomía é boa. Iso xa o sabemos nós, pero non o saben eles, porque non teñen a preparación po-

lítica suficiente.

E nesa falta de ilusión non é só responsable a Xunta. Nesa falta de ilusión é responsable toda a cidadanía, porque toda a cidadanía ten que ser consciente das dificultades que temos. Todos estamos embarcados nesta mesma nave, e todos temos que defende--la Autonomía e loitar no que significa unha loita electoral, no que significa unha loita partidaria lexítima, e non quitarlle a ilusión ó pobo de que esa Autonomía é boa. Sempre é boa, porque nós, o día que non sexamos Goberno e sexamos oposición, espero e confío que a defendamos sempre, no senso de non pasarnos no ataque, cando ese ataque non é seriamente defendible.

Eu escoitei aquí moitas frases, moi bonitas, ó longo deste Parlamento. Unha das máis belidas díxoa Barros, Miguel Barros, cando defendeu a Constitución fronte ós ataques que recibía. Pois eu dígolles a todos: defendede tamén o Estatuto de Autonomía, porque aquí non escoitei ningunha palabra de crítica ó Goberno central. Aquí non se dixo nada de que temos dificultades. Parece que temos alí unhas Irmás da Caridade en Madrid, e que todo, todo, nolo están facilitando. Eu dígovos que na miña experiencia de Goberno me encontrei sempre con dificultades. Ese estilo de "tómao ou deixao", "se queres toma, e se non, nada"; este estilo arrogante de Madrid non foi criticado por ningún. Non parece senón que os únicos culpables son os da Xunta de Galicia e Alianza Popular.

E imos falar tamén doutras cousas: que o Goberno de Galicia non está nas mans soamente de Alianza Popular; está nas mans de Alianza Popular e outros señores provenientes da UCD que fan un pacto con nós para traballar por Galicia, e que se sacrificaron por isto. E aquí parece que son uns señores ós únicos que se criticou; e a outros que non colaboran con nós non se lles critica. Pero aqueles tamén representan ó pobo. Sen embargo, si se

lles critica. ;Isto non é xogo limpo; ;Isto non é facer unha Autonomía;

Aquí estamos a traballar, a marca--las diferencias, a dici--los erros, que os temos e os teremos, como os terán vostedes e como os teñen en Madrid, porque somos todos conscientes dos grandes erros que xa se cometeron.

E, curiosamente, voulles ler unha cousa que lle escoitei o outro día ó Presidente González, nun programa de televisión. Anotei unhas frases, non sabendo que as ía dicir aquí, pero que me parecían moi razoables e por iso as copiei: "El Gobierno, solo, no puede resolver los problemas que afectan a 38 millones de personas". Recalco: "El Gobierno, solo" ¿Entón, a Xunta soa vai arregra--los problemas de Galicia? ¿Sen competencias aínda? ¿Acadándoa hai 15 días? ¿Con algunhas que non chegaron? ¿Sen termos tódolos cartos nas nosas mans, sen podermos facer uso deles? ¿E xa nós témo--la responsabilidade?

Con ese estilo que nos dixo o Portavoz: "Las evoluciones históricas son largas" ¿E aquí teñen que ser en dous anos? Non é un Goberno que se transmite, senón un que nace. Aquí non son longas. E ademais hai outra cousa inexacta. Dise que levamos dous anos. Ninguén se lembra que houbo un parón electoral; ninguén se acorda que houbo dúas eleccións, onde a Administración estivo parada catro ou cinco meses, en total. Levamos ano e medio, e isto non se di tampouco.

"Las naciones no van nunca a la carrera; hay que ir paso a paso" ¿E aquí que pasa? ¿Temos que ir correndo?

"No se pueden dar carreras en la sociedad, porque se corre el peligro de estrellarse". ¿E aquí que pasa? ¿Témonos que estrellar? ¿Temos que non ir paseniño? ¿Temos que non ir construíndo unha Autonomía como se debe facer? ;Por amor de Deus; ;Imos ser serios e imos traballar

xuntos, que boa falta lle fai a esta Terra;

Teño outro exemplo, no que escoitei críticas durante moito tempo: a Comisión de Transferencias. ¿E que pasou? Cando ofrecemos postos parecíanlles mal, porque nós non podíamos leva--las transferencias soamente; e cando pedimos colaboración para que viñesen xentes para exercita--las transferencias aínda non recibimos resposta. Aínda parece que a xente non quere vir loitar a Madrid por esas transferencias, e levousenos criticando un ano.

Finalmente, ó representante do Partido Socialista, quero dicirlle que así como lle escoitei esa frase a Miguel Barros, maravillosa, hai outra que tamén lle escoitei a el maravillosa: o día que dixo que para el a Xunta de Galicia era sagrada, téñolle que aconsellar que lle diga a algunha xente do seu Partido que a Xunta de Galicia non representa a Alianza Popular. A Xunta de Galicia, mentres estea no Goberno, representa a Galicia; como o Goberno do PSOE en Madrid é, para todos nós, o Goberno de España.

Quería falar doutras cousas das Consellerías, porque se me fixeron acusacións nesta mañá, pero para non alongar demasiado este debate deixareino, se é necesario, para unha ulterior intervención.

Gracias, señor Presidente.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Grupos Parlamentarios que desexen replicar.

Señor Nogueira, ten vostede que reparti--lo seu tempo co señor Guerreiro.

Pode facer uso da palabra.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, voume referir ás palabras do Presidente da Xunta de Galicia, ou Presidente de Gali-

cia, e síntoo moito, pola brevidade do tempo con que conto, non ter acougo para traduci--la impetuosa intervención do Portavoz de AP, e polo tanto non darlle resposta ás palabras por el aquí pronunciadas.

Respecto das palabras do Presidente, quixera dicir en primeiro lugar que estes debates, sempre, nos turnos de réplicas son máis animados e, polo tanto, parlametarios, axuda tamén a comprende--lo extraordinario valor do réxime democrático parlamentario. Neste sentido eu que non son, como é coñecido, ningún experto en Dereito Político, nin en sistemas políticos constitucionais, non teño por menos que lembra--lo espectáculo moi frecuente --semanal, en todo caso, segundo teño entendido-- da Primeira Ministra da Grande Bretaña, no Parlamento Británico, soportando a viva voz e de forma absolutamente espontánea, a dureza dos ataques recibidos pola oposición. Pois ben, se este Parlamento segue a súa vida, e a incrementa, como espero no futuro, todos aprenderemos a debater con dureza os asuntos de Galicia, que a todos nos preocupan desde os distintos puntos de vista, sen pensar que por iso esteamos atacando ás persoas e moito menos atacando á Autonomía.

O Presidente de Galicia acaba de dicir que nós atacando á Autonomía estámoslle quitando a ilusión ó pobo. Este Deputado non ten que dar mostra ningunha do seu amor ó autogoberno e do seu amor ó pobo, como sen dúbida ningunha poden dici--lo mesmo tódolos Deputados deste Parlamento. A ilusión na Autonomía non se quita por dicir que o Goberno galego non goberna, senón porque o Goberno galego non dá as respostas apropiadas en cada momento ó que o pobo demanda ou ó que o pobo necesita, aínda que non o demande; ou aínda que o demande en lugares equivocados.

Por outra parte, díxose tamén que non atacamos ó Goberno central. Non teño que dar ningunha explicación tampouco, como Deputado de Es-

querda Galega, da miña posición respecto do Goberno central, e das posicións que tomei tomado aquí neste Parlamento, mesmo ás veces en apoio do Goberno galego, en cuestións que afectaban á Autonomía galega, a pesar da gran distancia que, como é manifesto, nos separa deste Goberno galego. Pero, claro está, este non era o debate de criticar ó Goberno central, e nós tivemos moito coidado de centra--lo debate de hoxe na política do Goberno galego dentro do marco das súas limitacións, que coñecemos e valoramos. Pero este non era o debate. Este non é o debate de AP contra o PSOE, do Goberno galego contra o Goberno central --todo o mundo sabe cal é a nosa postura--, senón o debate do que fixo o Goberno galego, dentro do que podía facer. Ese é o debate que nós cremos que se debe producir hoxe.

Neste sentido, temos que dicir que a nosa postura, e díxeno pola mañá, é unha postura que pretende lograr que esta Lexislatura sexa a que consolide a Autonomía galega, con independencia de quen estea gobernando. Tamén teño que dicir que non estou de acordo en absoluto coa proposta do meu colega de Grupo, o señor Guerreiro, cando di que hai unha alternativa neste Parlamento. Posiblemente a haxa, pero nós cremos que non a hai neste momento. A alternativa para o futuro non está nesta Lexislatura, e posiblemente estará na próxima. En todo caso, o noso Grupo, o noso Partido, está totalmente disposto a preparar esa alternativa progresista, nacional galega, non subordinada a ningún Partido estatal, que lle dea ó pobo galego a ilusión que necesita e que teña a capacidade necesaria, política e técnica para gobernar no noso país.

Referíndome a cuestións concretas --que si é o obxecto deste debate-- quixera facer unha serie de precisións no breve tempo con que conto. En primeiro lugar, respecto da remodelación das Consellerías. A nós parécenos que a remodelación feita ultimamente, coa eliminación

das Consellerías de Pesca, de Cultura e de Interior --é dicir, da Administración Local--, produciu un feito gravísimo.

Posiblemente, se teño honor de réplica, algún Conselleiro vai dicir que non desapareceron as Consellerías, simplemente foron asumidas por outros Conselleiros. Pero para min desapareceron as Consellerías. E grave, porque é unha mostra clara da falta de perspectivas e de imaxinación da Administración galega. Xustamente, elimináronse Consellerías que debían atender a problemas dos máis graves do noso país. Non vou resalta--lo problema da pesca e da súa importancia. Resaltouno mesmo o señor Presidente, no Discurso de Investidura, pero non cumpriu aquelas promesas que fixo.

Tampouco vou resalta--la importancia da cultura en si mesma, e ante o feito imperioso da reconstrucción nacional. Non vou resaltar tampouco a importancia da Administración local, e de que se integre realmente na Autonomía. Pois xustamente, estas tres Consellerías foron as eliminadas. E o problema non é que se faga unha reestructuración, que se pode facer, senón que para min, estou convencido --e veremos se alguén me convence do contrario--, que se fixo non con ánimo de aforrar cartos, senón porque non había imaxinación para darlle vida a estas Consellerías que non tiñan transferencias. Se non hai transferencias, se non hai uns servicios concretos, xa non se sabe que facer. Ese é o problema. Pero a Autonomía, evidentemente, non é xestionar--los servicios que se transfieren. E algo máis, aínda que evidentemente ese instrumento é absolutamente necesario.

Na pesca nin se transferiu nin se nos vai a transferir nada, agás a propia competencia en si mesma, en sentido estricto, porque o Goberno central tampouco fai nada na pesca galega, e en todo caso non fai nada na pesca de litoral. Polo tanto temos que facelo desde aquí. E é unha mostra moi clara, e así

nese sentido o crítico, non porque sexa unha remodelación para aforrar cartos, que podía compartir, senón por ese sentido que critiquei. En todo caso, claro está, o señor Díaz está de acordo con esa remodelación, porque el tamén pediu máis ou menos a eliminación das Consellerías nos presupostos do 83. E curiosamente, aínda que non quero entrar nese tipo de polémicas, o señor Guerra dixo moi recentemente que eran anarquistas os de Alianza Popular, porque querían eliminar Ministerios en Madrid. Son paradoxas da vida política que estamos a vivir.

Respecto doutras cuestións, referireime por exemplo ó programa. Claro está, non podo tocar outros puntos do programa, dos que falou o señor Presidente pola mañá, pero quería referir moi brevemente ó programa económico. E fareino, non porque estea de acordo con el, senón porque intentouse unha especie de clasificación das cuestións máis importantes ou dos puntos dos que vai consta--lo programa económico. Falouse do Presuposto 84, do plan económico inscrito nese Presuposto, do Libro Branco sobre a reindustrialización e do plan enerxético. Pois ben, esta mención a nós non nos chega en absoluto. Nós temos que saber do Presuposto. Verémolo, pero hoxe era o mellor momento de debater esas cuestións imperiosas: que concrecións teñen en canto ás cifras; en que vai consisti--lo Presuposto galego, non soamente na cifra global, senón no que é realmente gasto, que tende a modificar as circunstancias nas que vive o pobo galego; que obxectivos e que prioridades están inscritos nese programa económico, e polo tanto no plan económico no que din que se vai inspira--lo Presuposto do 84.

Tamén queremos sabe--lo que é o Libro Branco sobre a reindustrialización, e espero que non sexa un Libro Branco como o do Goberno central, que eu xa tiven ocasión de criticar nalguna publicación periódica. Cremos que ese Libro Branco debe constar non de pala-

bras, senón de proxectos. Estamos esperando os proxectos, e en toda esta cuestión non podo nin sequera xulga--lo plan económico, senón prexulgalo, porque aquí hoxe non se nos dixo nada.

Por fin tamén se fala do plan enerxético. Queremos saber se o Goberno galego cambia a súa postura respecto dos beneficios de IBERDUEIRO, de FENOSA, de ENDESA, que vai facer sobre a cuestión dos refugos forestais; sobre todo tipo de enerxías alternativas. Queremos saber que pensa face--lo Goberno galego, realmente, para lograr que todos eses beneficios, que hoxe en día marchan de Galicia, sexan invertidos no noso país. En todo caso, esas preguntas non foron contestadas.

Moi brevemente, xa para rematar, teño que repeti--lo que dixen pola mañá: a Autonomía non é xestionada--lo mesmo que se estaba xestionando en Madrid, é facer cousas diferentes. Podería citar, desde o meu punto de vista, algunhas cuestións que realmente puideron darlle á Autonomía outra fasquía. Unhas de tipo simbólico, que teñen unha importancia decisiva no incremento da conciencia nacional, e o incremento da fe na nosa xente, na democracia, na Autonomía, na convivencia política; e outras, de tipo moi concreto, na cuestión económica, cultural, na educación e na sanidade. Realmente non é o momento este para estas cuestións, pero hainas, e moi importantes. Puideron facerse mesmo co Presuposto co que contabamos, con independencia da razón que pode te--lo Goberno galego nas críticas que fai á catividade do Goberno central, na transferencia de competencias.

Remato falando do Presidente. E remato falando do Presidente desde o punto de vista da necesaria franqueza, mesmo dureza co que debemos tratarnos nun réxime parlamentario, porque xustamente é no réxime parlamentario onde o pobo pode encontrar satisfacción ás súas necesidades e anseios.

Dixen que o Presidente, ó falar hoxe tan emocionado, demostrou xustamente o seu carácter. Podíamolle dicir sen ningún ánimo de interferir, sen que isto teña nada que ver coa cuestión política, en absoluto, da súa bonhomía. O falar emocionado mesmo non podemos esquecer, por este motivo, que o Presidente non demostra ata hoxe coñecer e dominar os asuntos de Goberno.

O Presidente de Galicia fixo un traballo de tipo representativo, nalgúns aspectos posiblemente louvable, pero non traballou como un Xefe do Executivo, que realmente debe se-lo Presidente do Goberno galego. Traballou de Presidente, e tivo un certo aire. A nós non nos parece mal que tivese un certo aire de Xefe de Estado; pero un Xefe de Estado, claro está, ten que dominar tamén os asuntos. De calquera maneira, en todo caso a nós parécenos ben que traballe de Xefe de Estado, pero Señor Presidente, non --con tódolos respetos-- de raiña mai. Nós cremos que un Presidente de Galicia non pode estar por riba dos asuntos; non pode ter esa alta representación. Ten que ser realmente o Xefe do Executivo. Espero que vostede mesmo, antes de que finalice a Lexislatura, colla ese novo aire, esa nova fasquía, para que toda a nosa xente valore e prestixie a democracia, como dixeran antes, o autogoberno e a convivencia civil e política.

Neste sentido non lle faltará a colaboración, modesta, de Esquerda Galega.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra o señor Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, Señorías, quero empezar por dicir que unha alternativa de futuro, cara a unha próxima confrontación electoral, aínda distante, eu creo que é obviamente a gran alternativa que hai que prepa-

rar.

Nisto eu coincido co señor Nogueira, pero iso non é contradictorio con algo que vou engadir agora, e que avalaba a miña proposta da mañá. Nós non estamos nun sistema político autonómico prestixiado e enraizado. É un sistema autonómico distante aínda do entramado social, que cada día perde prestixio, como aquí recoñecemos practicamente todos. Unha Autonomía na que se empeza a poñer en entredito a súa validez como sistema político para resolver--los problemas do país.

E iso de plantexalo tan cara ó futuro, no fondo é unha actitude partidista. ¿Por que? Porque temos dúas alternativas. Unha, vir aquí tódolos Grupos con dureza criticar diariamente, e ademais con xusteza, ó Goberno, nun xogo de desgaste continuado ata dentro de dous anos, para prepara--las eleccións desde o punto de vista de cada Partido. Nun sistema político consolidado é unha opción lexítima, lóxica, de proxectar alternativas ante o Goberno que está nese momento ó fronte do país. Pero se facemos iso en Galicia durante dous anos, as próximas eleccións poden ser un fracaso global do sistema político en canto a consenso popular. E eu creo que estamos nunha situación complicada, onde esta Cámara --porque non hai outra alternativa, xa que non o permite o Estatuto-- esixe un Goberno de salvación da Autonomía, que substitúa ó inoperante Goberno de Alianza Popular. Esa é a proposta que non é contradictoria co que propoñía o señor Nogueira.

Eu creo, señor Presidente do Goberno, que vostede pode amar moito a Galicia, pero só co amor a Galicia non se goberna. Eu creo que hai miles de galegos que aman á súa Terra, pero que non poden ser Presidentes do Goberno de Galicia. E, polo tanto, iso non serve. Iso está ben nuns xogos florais, como declaración de intencións. ¿Estupendo? Pero non pode se--la resposta, nun momento crítico, do Presidente dun Goberno, nun sistema político auto-

nómico que está sen enraizar no noso país.

Claro que non estamos aquí hoxe para criticar ó Goberno Socialista. Creo que ademais a min é difícil chatarme de que me esquezo do PSOE, porque eu cando podo, loxicamente, coa miña obriga --tamén como conciencia política dunha parte da sociedade--, fago as críticas correspondentes, máis duras ou menos duras ó Partido Socialista, pero fágoas en tódolos debates. Pero é que aquí non se trata hoxe diso.

E certamente, dise: "Non temos transferencias. Non temos recursos. Non temos..."; e compárase. O señor Raxoi e o señor Presidente, ámbolos dous, ó facer este xuicio, ¿no fondo, que nos están dicindo? Debían meditar máis as súas palabras; están poñendo as desculpas, porque non se fixo nada. Recoñécese que non se fixo nada, e compárase a Galicia co Goberno Socialista.

Ben, eles teñen recursos, teñen un Goberno herdado, teñen infraestructura. Efectivamente, pero ¿por que non comparan vostedes o seu Goberno co de Cataluña, País Vasco ou Andalucía? Eles tamén tiveron que empezar a construí--la súa Autonomía, particularmente o andaluz, que non ten nin sequera tradición autonomista institucional. E o Goberno andaluz --para non poñer caso de vascos e cataláns, que teñen outra experiencia e outro soporte social-- empezou a plantexarse e a aborda--los temas centrais da súa sociedade, da súa economía, e entre eles a reforma agraria integral de Andalucía, para poñe--las pedras políticas lexislativas e negociar--los apoios económicos para levar adiante as reformas estruturais que ten a súa sociedade.

Pero ¿que problemas plantexou a Xunta? ¿Que diagnóstico fixo de Galicia, para o cal non fai falta transferencias nin cartos? ¿Que proxecto nos presenta para os próximos anos, no que se nos diga que existe, aínda que non se puido realizar hoxe, na Economía, na Cultu-

ra, na Pesca, na Agricultura, no Ensino? ¿Onde están eses proxectos? ¿Onde está ese programa?

E señor Raxoi --e non sei o que lle dirán na Deputación de Pontevedra-- que non existe programa non o dixeran eu: díxoo o señor Presidente do Goberno, o 18 de marzo deste ano, nesta Cámara e nesta Tribuna. Non o digo eu. Está no Diario de Sesións. Din que non teñen programa. Sería bo presentalo, pero aínda non está presentado. Eu non sei o que lle dirán na Deputación de Pontevedra, pero aquí díxoo o señor Fernández Albor, señor Presidente da Xunta de Galicia. Non o digo eu, e está no Diario de Sesións.

E dise que atacamos con demagogia. Mire vostede, señor Rajoy: as centrais sindicais son maiores de idade neste país, e non as manipula ninguén. E ademais de seren maiores de idade teñen alternativas escritas, presentadas ó seu Goberno, cousa que non foi capaz de elabora--la Xunta. ¿Mire se son maiores de idade; Pero en todo caso, a demagogia non sei quen a fai, porque o señor Conselleiro de Industria manifestouse ó carón meu na Coruña coas centrais sindicais hai catro días. ¿Onde está a demagogia?, ¿é un demagogo o señor Ministro de Industria? Porque nos manifestamos na Coruña xuntos, con 12.000 persoas detrás. Eu creo que non hai demagogia na rúa.

Estou convencido de que o seu Partido, Alianza Popular, vai estar en todas esas manifestacións proximamente. Iso non é demagogia, é o exercicio lexítimo dun dereito constitucional para chama--la atención a un Goberno. Porque a un Goberno se chamáselle a atención cada catro anos nas eleccións, pero se incumpre o seu compromiso electoral hai mecanismos constitucionais lexítimos para chama--la atención dese Goberno, entre elas a manifestación pacífica, democrática, na que participan membros do seu Goberno. ¿Fíxese vostede;

Nós non pedimos realidades en

dous anos, que sabemos que non se poden facer. Non dicimos, señor Presidente, que arregren o país en seis meses. Dicímoslle: preséntenos un programa; presénteno--los instrumentos cos que conta; díganos aqueles cos que non conta e hai que negociar en Madrid; díganos todo iso. Non lle pedimos que arregre a Agricultura, a Pesca, a Cultura e a Economía galega en seis meses, nin en dous anos. Ninguén lle plantexou iso ó Goberno de Galicia.

Pero quixeramos saber que pasa coa crise económica, que pensa a Xunta do modelo económico que está en crise, ou se é que hai que plantexar outro modelo. E dicir: este é o modelo económico para os próximos dez anos, a Xunta de Galicia cre que debe poñerse en práctica. Necesitaríanse tales fontes de financiación. ¿Que pensa face--lo Goberno galego coas Caixas de Aforro? ¿Que recursos ten? ¿Que opina o Goberno galego do Banco do Noroeste, que é un Banco público en mans do Estado, expropiado a Rumasa? Algo dirá del, porque pode ser un recurso económico. Non o sei, pero non se di nada.

¿Que recursos pensa a Xunta que hai que mobilizar na economía, para poñer en práctica, para implementar un plan que tampouco se nos presenta? Iso é o que lle pedimos, señor Presidente. ¿Que tipo de inversións públicas? ¿Cales son os estímulos á inversión privada? ¿Cales son os instrumentos que pensan poñer vostedes en práctica? Se os poñen, se os plantexan, logo analizaremos se foron eficaces ou non, e iso si sería un debate parlamentario moito máis atractivo e moito máis prestixioso da Autonomía.

Finalmente, eu sinceramente discrepo de que atacar ó Goberno, nunhas condicións tales como esta, sexa ataca--la Autonomía. Creo que non facer unha crítica rigorosa, global, e non proxectar alternativas a este Goberno, iso si que é colaborar a que se desprestixie a Autonomía. A función desta Cámara, ante a súa inoperancia, é demos-

trarlle ó país que a Autonomía é válida como sistema, e que hai forzas capaces de tomarlle outra vez o pulso. Iso é tamén o exercicio da responsabilidade política.

Con este Goberno é imposible discutir e discrepar en torno ós seus proxectos e programas, porque non nolos presenta. Dixen unha vez, e repítoo aquí, que a min me é moi difícil discrepar coa Xunta de Galicia, porque discrepar, en rigor, é estar en desacordo con algo que se presenta, e nese sentido é moi difícil nesta Cámara discrepar co Goberno, porque non presenta nada. Son frases, son palabras e, no mellor dos casos, xustificacións, e iso non é serio.

Finalmente, quero rematar cunhas reflexións sobre algo que a min me parecen evidentes neste debate. Como é habitual nesta Cámara, e vén ocorrendo na vida política española durante algún tempo --o que cada vez é máis grave, porque xa non está na realidade do país, non está na Galicia real-- preténdese reduci--lo debate a un xogo. Claro que para Alianza Popular iso é moi fácil coa oposición maioritaria que teñen enfrente. ¿Claro; Eu comprendoo. Reducindo a un debate entre o PSOE e Alianza Popular, primeiro, está demostrando que se empobrece o debate político nesta Cámara. Esa é unha estratexia boa de Alianza Popular, loxicamente, pero non é bo. Pero ademais de malo, neste momento é moito peor, porque na rúa --sen demagogia, señor Raxoi-- estase expresando a Galicia real. E a Galicia real esa que está na rúa, pero que non está representada no debate entre AP e o Partido Socialista. ¿Non está representada; E é malo que por estratexia parlamentaria electoral, cando se tratan temas tan serios, se intente evita--lo debate que está vivo na realidade galega, que está mobilizando vontades de miles e de decenas de miles de familias, e que está ausente dun debate floral entre AP e o Partido Socialista.

Creo que este debate demostra o

empobrecemento político e cultural que leva o bipartidismo ó país, o desligamento da realidade social co país. Por iso este é un motivo máis para que desta Cámara realmente se levanten as forzas que non se dan. A alternativa que desexa o señor Nogueira é a que eu desexo tamén no futuro. Pero é necesario hoxe --porque non temos un sistema político asentado e enraizado-- un Goberno de salvación da Autonomía.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor González Mariñas.

O señor GONZALEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, dúas palabras nada máis, fundamentalmente para combater certas afirmacións de demagogia. Penso que é un tema importante, que polo menos se debe matizar. Concretamente, na intervención do señor Raxoi, teño que dicirlle que expresar que non hai programa non é unha cuestión demagóxica. Ese é un tema realmente importante. E un tema definitivo. Se non hai programa, se non se sabe a onde se vai, ese é un tema que preocupa na rúa, é un tema real. Iso non é facer de ningunha maneira demagogia. Poderase facer moito, ou poderase facer menos. E aquí son absolutamente válidas as desculpas ou as exculpacións do señor Raxoi. Hai locais, hai sedes, hai competencias, pero certamente o tema da pregunta de se existe un programa, e se hai ese programa, é máis profunda, porque o que hai que conseguir con ela é que exista tamén un norte, que é o que falta, se non hai un programa de Goberno.

Respecto á intervención veemente e brillante do señor Presidente da Xunta, soamente tamén unhas pequenas matizacións, aínda que non houbo unha referencia explícita a Coalición Galega.

Dicía o señor Presidente que os Deputados non deixan traballar. Certamente, os Deputados cando están na oposición penso eu que cumpren a súa misión cando critican. O

Parlamento ten unha evidente función de control --á parte da de iniciativa-- e, polo tanto, esa é unha función irrenunciable. Penso que de ningunha maneira se poden confundi--las críticas coa falta de respecto. Nunca por cumpri--las obrigas que un ten, se pode incorrer en falta de respecto, naturalmente, cando esas obrigas se exercen con lealtade, aínda que sexa coa dureza que moitas veces precisa e esixe a situación que se critica.

Preguntaba tamén o señor Presidente que podía facer, senón da--la man e dicir que a Autonomía é boa, ata agora. Aquí existe unha explicación na que incidía tamén o señor Raxoi. As competencias ou o resto das competencias de Galicia practicamente estaban xa rematadas ó final do ano 82. Houbo máis competencias no ano 83, pero son de menor entidade, salvo a importante competencia do ICONA. Existían competencias, e polo tanto é difícil aceptar iso de dicir que o ano que vén xa faremos algo e que de todas formas hai que facelo con prudencia, hai que facelo con calma, porque se corre o risco de estrelarse. Nós pensamos que o problema da Xunta non é un problema de exceso de velocidade.

Pero quedaba tamén unha cousa importante, moi importante na intervención do señor Presidente. Está moi ben a colaboración, está moi ben pedir axuda, está moi ben dala, e está moi ben asumir esas axudas de todos. Claro que si. Un Presidente, un Presidente de Galicia neste caso, é exactamente un Presidente de todos. Pero nós pensamos, e neste sentido falaba tamén o señor Nogueira, que un Presidente non pode nunca escapar da política. Poderá recibir axuda do seu Partido, ou dos seus Partidos afíns, ou mesmo tamén doutros Partidos non afíns, en casos excepcionais. Pero ese non é o comportamento lóxico e normal do funcionamento dun sistema parlamentario e democrático.

Vou ler, co permiso do señor Presidente --co permiso tamén do

principio de oralidade, tan louvado desde esta Tribuna-- unhas palabras doutro Presidente, democrático como é o noso. Son do Presidente Kennedy, nun discurso pronunciado hai 24 anos, en Washington, e que vou ler en castelán, como está.

E un pequeno párrafo e di así: "Ningún Presidente, me parece, puede escapar de la política. No solamente le ha elegido la Nación, sino que también ha sido elegido por su Partido. Y si insiste en que es Presidente de todos, y no ofende por ello a nadie, si desdibuja las cuestiones y las diferencias que separan a los Partidos, si prescinde de la maquinaria del Partido y soslaya ser el dirigente del mismo, en tal caso, no solamente habrá debilitado el Partido político, como instrumento del proceso democrático, sino que habrá dado también un duro golpe contra el mismo proceso democrático".

Y esto por una razón muy sencilla, porque hay opciones diferentes en una Cámara, y cada uno hace su programa político. Por lo tanto, no hay que confundirlas. Esto, señores Diputados, es democrático, y de ninguna manera se puede calificar de demagogia.

Nada más y muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Piñeiro.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, señora y señores Diputados, voy a ser muy breve, porque leyendo el párrafo tercero del artículo 144 del Reglamento, me imagino, señor Presidente, que los acuerdos de la Mesa no pueden vulnerar el sentido literal de lo que ya está aprobado por esta Cámara. Dice que en casos excepcionales la Presidencia --yo creo que éste es un caso excepcional--, por acuerdo con la Mesa y oída la Junta de Portavoces, abrirá un turno para que los Diputados puedan escuetamente formular preguntas. Me parece que

el trámite de réplica aquí no viene contemplado. Yo no obstante lo digo, porque la observancia del Reglamento es algo que nos hemos impuesto todos ...

O señor PRESIDENTE: Señor Diputado, el acuerdo de la Mesa, con audiencia de la Junta de Portavoces, es algo definitivo.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, es definitivo, y creo que en el derecho de este Diputado está el hacer una interpretación literal de lo que es el artículo 144 del Reglamento. Dicho artículo habla de un turno para que los Diputados puedan formular y pedir aclaraciones, o hacer preguntas escuetamente, y creo que un acuerdo de la Mesa con la Junta de Portavoces no puede derogar y modificar un artículo del propio Reglamento. Para salvar mi interpretación y mi propia responsabilidad como Diputado, lo digo señor Presidente solamente para que conste en el Diario de Sesiones.

O señor PRESIDENTE: Pois eu vólvolle a aclarar que a Xunta de Portavoces e a Mesa dictaron unhas normas específicas para este debate.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, yo acato sus decisiones, pero solamente quise hacer constancia de esto, y no quiero reconducir el debate a otros términos, porque me imagino que defraudaría a todas Sus Señorías.

Voy al tema que me trae, porque de hecho voy a utilizar un derecho de réplica. No voy a entrar tampoco en hacer ninguna formulación o pregunta al señor Presidente de la Xunta, ni tampoco a alguno de los intervinientes. O sea que esta réplica lo va a ser solamente en el sentido de matizar algunos aspectos que a mí y a mi Grupo Parlamentario nos han preocupado.

Un aspecto que nos ha preocupado tremendamente es esta afirmación que se hizo a lo largo del debate, de que la Xunta de Galicia estaba contribuyendo con su actuación a desprestigiar el sentido autonómico y a transmitir al pueblo de Galicia una inseguridad ante el concepto de lo que es la propia Autonomía. Esto me parece que tiene que ser matizado, porque entraña también un concepto que equivoca lo que es la defensa precisamente de la propia Autonomía.

Yo dije esta mañana en mi intervención que no iba a entrar en una dialéctica de lo que eran acciones de Gobierno, Gobierno Central--Xunta de Galicia. Coincidió en que el Gobierno central es también mi Gobierno, y que la Xunta de Galicia es mi Gobierno en el marco de Autonomía que me toca vivir. Pero, sí, dije que era necesario hacer hincapié en que hay un contencioso, que no es eludible en este debate. Me refiero a la construcción del Estado de Autonomías, en general, en esa disyuntiva que se plantea: Gobierno central y, en este caso, Xunta de Galicia,

Señorías, yo tengo que decir que no se puede imputar ninguna responsabilidad específica de falta de sentimiento autonómico, de falta de espíritu autonomista, ni de transmisión al pueblo de lo que es el concepto de Autonomía, porque la Xunta no es el único valedor de ese capítulo, de ese bagaje institucional que tenemos, que es nuestro propio Estatuto. Instituciones como son el Parlamento, debates como éste --y por eso salgo en estos momentos aquí a decirlo--, son los verdaderos encargados de hacer un frente, cara a la oposición que se nos plantea y donde se nos plantea, o en el momento en que se nos plantea, para hacer valer por encima de todo, de una manera, a través de la forma institucional que es el Parlamento y a través de la acción del Ejecutivo, con la petición correspondiente, de defensa de nuestra propia carta institucional, el Estatuto.

Por lo tanto, sí, existe un contencioso manifiesto. Quien quiera escapar a la realidad en la construcción del Estado Autonómico, está en el enfrentamiento, en la concepción de lo que puede ser, o lo que tiene que ser en el futuro, el verdadero Estado de las Autonomías. Y podía entrar en especificidades, en temas muy concretos que están suponiendo en algunos momentos ingerencias del poder central --no estoy acusando a nadie que lo haya ostentado, porque otro Partido a lo mejor en estos momentos haría lo mismo--, pero en esa disyuntiva de construir el Estado de las Autonomías hay ingerencias que quieren interferir el desarrollo, el funcionamiento, el traspaso de funciones y de servicios, o incluso el análisis de la exclusividad de las propias competencias.

Entonces el Estado de las Autonomías se encuentra ante el reto --que era también lo que quería significar esta mañana-- que se lleva de manera racional, y así incluso se ha reconocido dentro de una coordinación general que tienen que brindar todos aquéllos que ya la tienen, para tratar de reconducir ese proceso al Estado, no con retos precisamente, ni con las atenciones que recientemente llevaron al Tribunal Constitucional a descalificar, totalmente y de manera absoluta, lo que se concibió en un principio como una Ley Orgánica, que no lo fué, y armonizadora, que tampoco lo era, de ese proceso autonómico. Pero pese a ello, todavía hay un reto que un Diputado en el Parlamento central --Diputado por Cataluña-- llegó a calificar con estas palabras, diciendo que es la propia publicación de la LPA. Eso no tiene verdadero sentido autonómico, y digo lo que ese Diputado catalán llegó a decir: "El Gobierno, con lo que queda de la antigua LOAPA, que haga lo que quiera, también".

Es cierto señor Nogueira, y usted afirmó hace un momento, que ese concepto dentro de esta disyuntiva que yo trato, en defensa de lo que

es la propia Autonomía, que ha habido manifestaciones por parte del señor Vicepresidente del Gobierno central, señor Guerra, de decir que jugábamos a la acracia, queriendo traer todos los Ministerios para aquí. Naturalmente que el señor Guerra no ha oído, ni ha leído, por supuesto, la teoría de Von Stein, que bien le podía valer para llegar a comprender qué es lo que imprescindiblemente y como mínimo debía quedar realmente en Madrid.

Y por último quiero hacer una declaración, señor Presidente, y ésta declaración es de adhesión. Realmente, Su Señoría ha sorprendido en su actuación, y a mí personalmente. Pero en el intercambio de las opiniones, desde el escaño y desde mi Grupo Parlamentario, quiero decirle que así como esta mañana hemos manifestado que habíamos suscrito un pacto entre caballeros, en que la única constatación es nuestro compromiso, de apoyarle en la honorabilidad, ahora, desde estos momentos, y después de su intervención la confirmamos, la reafirmamos y la mantendremos, porque esa es nuestra esperanza.

Nada más, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Señor Díaz, pode facer uso da palabra, para replicar.

O señor DIAZ E DIAZ: Señor Presidente, señora e señores Deputados, primeira aclaración: a Autonomía como a democracia, non está en perigo, e teñen nesta Cámara, e fóra desta Cámara, amplos defensores. Que a Autonomía non estea en perigo, nin a democracia non estea en perigo, non significa que teñamos que dicir que os Gobiernos están gobernando ben. Son cousas completamente diferentes.

Feita esta precisión, unha pequena matización ó señor Rajoy. Enganouse vostede de Cámara, señor Rajoy, e voulle facer dúas matizacións máis. Dixo que o 21/1/82 non

había competencias. Pois o 21/1/82 había once Conselleiros, un Vicepresidente --non Conselleiro--, un Conselleiro Adxunto e un Presidente. Se non había competencias, puidemos empezar máis modestamente. E tamén cando di que hai máis Directores Xerais en Cataluña e Euskadi, tamén lle digo que hai máis poboación, e sobre todo hai máis presuposto, hai máis actividade. Por iso se xustifican; non se xustifican por menos actividade. Pero máis nada a é esa cuestión, sen entrar en máis detalles.

E agora, señor Presidente, con todo respecto, primeiro, a miña felicitación sincera, por aguantar vostede aquí a pe firme todo este debate. Había dúbidas na Cámara, e dúbidas mesmo no seu propio Grupo Parlamentario de que vostede aguantase este debate. Penso que é importante para a consolidación da Autonomía que o Presidente aguante a pe firme este debate. Pero tamén lle digo outra cousa: o Presidente do Executivo debe acostumarse a aguanta--las treboadas, porque vostede é o responsable do Goberno. E quéirao ou non, por moito respecto persoal que lle poidamos ter, vostede é o responsable máximo do Executivo. A súa laboura non é simplemente a representación, senón que vostede ten que mandar, ten que gobernar, ten que coordinar. Iso, señor Presidente, non se ve na acción de Goberno, e dígolle que non se ve, porque o que máis se ve son: 7 Consellerías ou 9 Consellerías, que van bastante por libre, a pesar de que o señor Vicepresidente Político ten un gran equipo de coordinación cos 7 Directores Xerais, e un Secretario Xeral Técnico. Pero non chega. Son moitas as veces que se vai por libre. O único que non se vai por libre é á hora de gastalos cartos. Non se vai por libre ó control dos cartos, pero si se vai por libre de que os cartos van alí onde se gastan máis facilmente, e hai probas, señor Presidente.

Hai unha paradoxa hoxe na política galega, que é difícil de explicar. Cando había Consellería de

Cultura, esta non gastaba; non existía a nivel, digamos de promoción e gastos. Desaparece a Consellería de Cultura, e Cultura convertese nesta mesma etapa --penso que equivocadamente pero que rectificarán e irán a outra política que non sexa de premios-- nunha máquina onde se gasta, nunha máquina onde se empeza a producir. Equivocadamente ou non, empézase a producir.

Pero esta é unha paradoxa, que implica que non había unha política cultural da Xunta. Se a houberse gastaría igual cun Conselleiro ca cunha Dirección Xeral. A política cultural vén coa persoa, ou vén mesmo coa facilidade de gastos, pero non vén porque se tivese na Xunta esa política cultural.

E señor Presidente, unha cousa que eu si que penso que pola paixón foi máis alá do que pensaba. Non pode dicir que nesta Cámara a Xunta non tivo apoio. Ata que vostedes tiveron, digamos, a maioría --esa maioría estable, do mes de marzo--, nunca perderon unha votación importante nesta Cámara. Unicamente perderon algunhas simbólicas, cando os señores da UCD, que agora están sentados aí, lle querían facer un pequeno chosco de ollo, unha chamada de atención, pero nada máis ca iso. Do resto vostedes aguantaron sen ningún problema. E non poden dicir que en leis institucionais desta Cámara non contaron co apoio de tódolos Grupos. Non estamos xogando, señor Presidente, aquí, ningún a osbtruí--la Autonomía. Iso non se pode dicir.

De acordo que todos estamos na mesma marca, señor Presidente. Estamos todos, pero con diferentes responsabilidades, e cada un ten que asumi--la súa. Nós temos unha gran responsabilidade, e os demais Grupos desta Cámara, que non son Goberno, teñen a de darlle a este país a ilusión de que despois dun Goberno pode vir outro Goberno. Poden continuar eles pero pode vir outro Goberno. E esa é a esencia da democracia. Dicir: "señores, despois destes pode haber outra op-

ción". Se non houberse outra opción, a democracia quebraría, digamos, pola súa propia base.

E aquí preguntan "¿Por que non se criticou ó Goberno central?" E que este é o debate, señor Presidente, que non lle tocaba a vostede. O Goberno central criticaselle nesta Cámara cada vez que sae o señor Nogueira, tódolos días. Desde o 28/O, ó Goberno central criticase nesta Cámara, e criticase no Parlamento do Estado, con razón unhas veces e sen razón outras. E normal, iso é consubstancial coa democracia, e non pasa nada. E eu nunca me levantei aí cabreado porque criticasen ó Goberno central. Entre outras cousas porque a min me elixiron non para presenta--lo Goberno central: elixíronme para representa--los electores de Galicia, e en función disto estou sentado aquí.

Nós tampouco, señor Presidente, lle pedimos imposibles. Nós pedímoslle que fagan aquilo que poden facer en función das súas disponibilidades. Niso estannos fallando, por iso os criticamos. Estannos fallando.

Tampouco, señor Presidente, se me pode dicir que non tiveron dous anos, que houbo catro meses que estiveron parados por eleccións, e iso calquera Partido político o pode facer, pero un Goberno non pode parar catro meses por eleccións. Iso é un tema grave. Non pode parar un Goberno catro meses por eleccións. Pode parar un Partido --que non para, senón que acelera--, pero non pode parar un Goberno.

Señor Presidente, acepto --e eu sempre o defendín-- que a Xunta de Galicia representa a Galicia, e o señor Presidente representa á Comunidade Autónoma, dentro e fóra de Galicia. Pola miña parte non hai dúbida. Pero unha cousa que lle pedíamos era que nos desen un programa, que nos desen feitos, ese plan de desenrolo para Galicia que fose aprobado nesta Cámara, que marcasse os obxectivos, que coordinase as accións, que nos permitise ve--lo

que ía ser desta Autonomía nos próximos anos. Anúnciasenos que virá, pero non temos aínda, en liñas xerais, nada de nada. E hai 20 millóns presupostados para esa función. Vanlles ser poucos, señor Presidente, porque nos están demostrando que non hai un coñecemento ben a fondo da economía galega. Os anos que estiveron na meseta fixéronlle esquecer un pouco esta realidade. Vanlle falla--los matices, e se en Galicia, na política galega, fallan os matices, fallou todo, porque o fundamental dos galegos son os matices. E vanlles fallar.

E señor Presidente para rematar, o amor a Galicia é importante, pero un Goberno precisa tamén de programa; precisa tamén de fixar prioridades, xerarquías. Iso non se pode aprazar "sine die". E importante que vostedes transmitan ó país un proxecto autonómico --se é que o teñen para Galicia-- e se non, díxenllo antes, póñanse a traballar. E fundamental que a nosa xente vexa con claridade o futuro, e hoxe non se ve. Vense accións eslavazadas de Goberno, unhas con maior e outras con menor acerto.

No tema das tranferencias hai moito que falar. Nós nunca fomos uns grandes defensores de como se estaban levando as transferencias, nin nun Goberno nin noutro. Criticámolo nos dous Gobernos. Prestamos sempre o noso apoio institucional a ese tema.

E tamén lle quero dicir outra cousa, na que coincido co señor Piñeiro: estamos nun proceso difícil, o Estado das Autonomías non se constrúe en catro días, e é un proceso que vai estar cheo de tensións, estea en Madrid o Goberno que estea, estea aquí o Goberno que estea. As concepcións da política desde Madrid e desde Galicia --con independencia de quen estea-- son diferentes. Isto é un proceso de axuste que vai levar anos, pero non pode ser un impedimento para que desde Galicia se governe. Haberá menos posibilidades, pero pódese gobernar, e vostedes, señor Presi-

dente, ata hoxe, deixan bastante que desexar nesa cuestión.

E unha última precisión, porque ía entrar en detalles concretos. Tiña aquí o Presuposto e íalle facer un repaso, pero voulle dicir unha cuestión, porque é unha información que tamén é importante. Pódelle pasa--la nota o señor Vicepresidente.

No Presuposto do ano pasado falaban vostedes do problema da instalación. Tivérona tódalas Autonomías, e estamos detrás de todas. Ata da de Andalucía. Imos detrás de todas, e, ata hoxe, este Parlamento non sabe cal vai se--la súa sede definitiva. Imos remata--la Lexislatura sen ter sede definitiva. Na Xunta de Galicia aparece un proxecto de sede definitiva. Pero, señores, vaise con moito retraso. Hai unhas cantidades presupostadas; non sabemos que froito están dando as cantidades, como van de adiantados eses proxectos.

Esperemos que algún día tamén se nos informe.

Máis nada, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Señor Rajoy.

O señor RAJOY BREY: Señor Presidente, señoras e señores Diputados, como es natural, yo no voy a consumir este turno para replicar al Presidente de la Xunta. En tal caso sería para alabarle. Pero quiero, con el permiso de esta Presidencia, utilizar mi intervención, en primer lugar, para sintetizar el diagnóstico de mi Grupo Parlamentario, Alianza Popular, a estos dos años de gestión; y en segundo lugar, para precisar lo que debe ser el futuro de la Autonomía de Galicia. Muy brevemente, en ambos casos.

Pues ben, señores Diputados, como antes apunté, y éstos son datos objetivos, y por consiguiente indiscutibles, la labor de la Xunta de Galicia, a la hora de construir

la Autonomía --y no me cansaré nunca de repetirlo, es su misión básica y fundamental en esta primera etapa, como es misión básica y fundamental de cualquier Gobierno Autónomo de España-- reitero que es claramente positiva. Tenemos las Sedes, estructuras administrativas, competencias, servicios y recursos, en parte, y ello a pesar de todas las dificultades existentes, y permítanme ustedes, señores Diputados, que no vuelva a entrar en este tema.

Por otra parte existe y ha existido una amplia e importante labor de Gobierno, pero con dos condicionamientos básicos, que vuelvo a repetirlos. En primer lugar, teniendo en cuenta la circunstancia y la dificultad que supone el gobernar recibiendo las transferencias periódicamente, y recibéndolas sin servicios y sin los recursos, o con deficientes dotaciones.

Y en segundo lugar, una labor de Gobierno sin contar todavía --y esto hay que tenerlo en cuenta, señores Diputados-- con unha Autonomía financiera. A pesar de eso ha habido gestión, y se ha desarrollado el Estatuto de Autonomía mediante la presentación de numerosos proyectos de ley de los previstos, lo que es lo mismo que desarrollar la Autonomía, y se han presentado a este Parlamento numerosas leyes sectoriales --que como es natural no voy aquí a enumerar-- con los que se han abordado problemas concretos.

Y cara al futuro, señores Diputados, hay que completar el proceso autonómico. Todavía faltan muchas competencias que son fundamentales, el traslado del primer funcionario de servicios centrales de Madrid, Universidades, investigaciones, Cámaras Agrarias, Insalud, planes provinciales, participación de empresas públicas, vivienda, obras hidráulicas, etc.

Es preciso además lograr la Autonomía financiera; es precisa, como antes decía, la Ley de Sesión de

Tributos; la Ley de fijación del porcentaje de participación de los ingresos del Estado; es preciso que el Fondo sea lo que dice la Ley que sea. Yo pienso que en esta importante labor el Gobierno Socialista nos va a ayudar, porque no me cabe la menor duda que uno de los objetivos básicos del Partido Socialista es que el gobierno de Alianza Popular y la Autonomía de Galicia salgan adelante. No me cabe la menor duda.

Por último, quiero precisar que es importante la labor a que antes me refería, la labor de educación. Antes dije que no era lícito jugar con la gente, y aquí por parte de algunas personas se ha hecho una interpretación un tanto curiosa de mis palabras. Yo no he dicho en absoluto que hubiera o que no hubiera que manifestarse. Lo único que he dicho es que me parece inmoral el pretender que la Xunta de Galicia pueda resolver todos los problemas que en este momento tiene planteado Galicia. No tiene ahora la posibilidad en las actuales circunstancias, ni desde luego lo va a tener nunca, porque como todos los Diputados saben perfectamente el Estado se estructura en base a unas competencias que permanecen en la Administración central, en base a otras que tienen las Comunidades Autónomas, y otras que tienen Ayuntamientos y Municipios. El pretender, como pretenden algunos, que la Xunta resuelva todo, me parece que es mal camino para construir la Autonomía.

Nada más, y muchas gracias.

O señor PRESIDENTE: Por parte da Xunta quere facer uso da palabra o señor Presidente, que ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fernández Albor): Señor Presidente, Señorías, xa vai rematando o debate, e non me gusta, como xa dicen no Discurso de Investidura, aproveitar este momento, no que non hai réplica, para facer algunha

alusión que puidese non ser contestada.

Quero dicirlle ó Deputado señor Nogueira que me esquecín de expresar que el si me ofreceu a súa colaboración, nos primeiros momentos do desenrolo desta Autonomía. Quero recoñecelo aquí publicamente, porque é de xusticia dicilo.

O Deputado señor Guerreiro, xa lle dixen, o outro día, que esa alternativa, que el tanto pretende, está en contraposición co que el pensaba da LOHAPA e das forzas que aquí a mantiñan ou que a fixeron. Non é posible facer outra alternativa para este Goberno sen contar con esas forzas. En palabras del, a LOHAPA destroza o Estatuto de Autonomía de Galicia. E quero dicirlle, tamén, que aquí está o pobo de Galicia, non está soamente na rúa. Aquí está a representación auténtica, e aquí estamos tódolos que representamos ó pobo de Galicia.

Quero dicirlle tamén que a pesar do pouco que puido facer Alianza Popular, o pouco que puido facer nesta etapa e o desprestixio que segundo el, tivo ou ten en Galicia, houbo dúas consultas electorais, despois de estar xa na Xunta. Houbo unha consulta electoral o 28 de outubro, e Alianza Popular pasou de ter 290.000 votos a ter 482.000. Pero logo veu outra, no 8 de maio, e tivo 436.000 votos, demostrándose que era a primeira forza política de Galicia, a pesar do desprestixio da Xunta. Isto para min naturalmente é que o pobo de Galicia é moi intelixente e sabe o que vota.

Da reforma agraria dos andaluces dígolle que eu escoitei ó señor Escuredo. Dixo que iso iría para moitos anos, que era unha programación que tardaría anos en desenrolarse.

Quero darlle as gracias tamén polas súas palabras, sempre ditas con respecto persoal. Sabe que eu lle teño unha certa simpatía, e que lle agradezo a súas palabras.

O amigo González Mariñas quero dicirlle que, o outro día cando escoitaba ó Presidente González deca-teime que sempre que escoito ós Socialistas, eles falan da dereita, e non é a dereita democrática que somos nós, nin sequera o Centro, a UCD, cando eles falan da dereita, cousa curiosa, falan do réxime anterior, falan do Goberno de UCD, e falan agora do noso Goberno, pero inclúen a todos. Quérollo dicir, porque nós seguimos coas mans tendidas, pensando que a colaboración desas forzas afíns a nós son positivas, e coidamos que nestes dous campos que se están xestando en España os señores Socialistas votarán sempre cos señores Socialistas; e os señores que non o son deben votar connosco. Facendo unha alusión, digo que é moi difícil que en España poidamos facer forzas, aínda con Partidos políticos distintos, pero témolo que conseguir dalgunha maneira, porque cando son 200 Deputados contra 100 hai que pensar que o bipartidismo é imposible, porque é unha maioría esmagante a do Goberno Socialista.

E ó amigo Ceferino Díaz, quero dicirlle que, quizais polo seu estilo, un pouco exaltado, eu tamén cometín o erro de pasarme. Por iso, como el, pido perdón. Pero quero dicir que eu estou acostumado a aguanta--las treboadas, e que estas cousas de non gobernar pásanlle a calquera Presidente de Goberno. Recordo o outro día ó Presidente do Goberno de Madrid, que é un home político, un home moi intelixente, cando dixo que non iría a un Consello certo artigo ou certa cousa que todos vostedes saben, pero metéronllo no artigo e subiu a gasolina. De maneira que isto lle pasa a calquera, aínda que estea moi preparado para o xogo político.

Quero dicirlle tamén que eu nunca dubidei da vontade autonomista deste Parlamento, e deste Partido. O que dixen é que lamentaba que así como lle ofreceron a axuda ó Goberno de Calvo Sotelo para salvar-la democracia, non lla ofreceron ó Goberno noso cando empezabamos esta

andadura. Pero iso non quere dicir que non saibamos perfectamente a axuda que recibimos nos instantes decisivos, en colaboración, para apontoa--lo Estatuto de Autonomía e en defensa de Galicia.

Quero rematar, finalmente, dicindo que eu espero seguir coa colaboración de tódolas forzas. Eu espero seguir facendo entre todos esa Galicia ideal, que todos, todos, desexamos. Quero darlle as gracias especialmente ós nosos Parlamentarios, ós nosos Conselleiros, e expresar finalmente que nesta liña continuaremos coa axuda de tódalas Súas Señorías, para ben deste pequeno país, desta grande e fermosa patria.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, advírtese que haberá Pleno o día 20, ás cinco da tarde.

Levántase a Sesión.

Eran as seis e cincuenta minutos da tarde.

FOLLA DE SUSCRICION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome
Domicilio
Cidade Teléfono
Desexo suscribirme ó Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do
día de de 19 ata o 31 de decembro de 19
Con data de de 19 envíolles por xiro ou talón
nominativo, número a cantidade de Pesetas.
..... a de de 19
Firmado

Edición e suscripción:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Baixos do Pazo de Raxoi - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 - 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 2.500 Ptas. Número solto: 60 Ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre
Domicilio
Ciudad Teléfono
Deseo suscribirme al Boletín Oficial del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas, a partir del
día de de 19 hasta el 31 de Diciembre de 19
Con fecha de de 19 les envío por giro postal o ta-
lón nominativo, número la cantidad de Pesetas.
..... a de de
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de publicaciones del Parlamento de Galicia.
Bajos del Palacio de Rajoy - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 - 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 2.500 Ptas. Número suelto: 60 Ptas.


NOTA:

A suscripción é anual, por anos naturais. O período da suscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As Altas producidas durante o ano contaránse, a efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de suscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a ésta.

PUBLICACIONES DO PARLAMENTO DE GALICIA



Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galeguidade Lei de Fundacións de interés galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de cuantía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfono (986) 218204

De venda
en librerías